



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

<b>ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTA CONCELLO O 23 DE DECEMBRO DE 2013</b>
--

<b>LUGAR:</b> CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
---

<b>TIPO DE SESIÓN:</b> ORDINARIA	<b>CONVOCATORIA:</b> PRIMEIRA
----------------------------------	-------------------------------

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS  
Alcalde-Presidente  
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO  
Concelleiro  
DNA. AMALIA GOLDAR CORA  
Concelleira  
D. MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA  
Concelleiro  
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA  
Concelleira  
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN  
Concelleiro  
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR  
Concelleiro  
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA  
Concelleira  
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS  
Concelleiro  
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE  
Concelleira  
D. ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS  
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ  
Concelleiro  
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES  
Concelleira  
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO  
Concelleiro  
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO  
Concelleiro  
DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE  
Concelleira  
DNA. ANA ASOREY BREA  
Concelleira  
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro  
D. JOSÉ ANTONIO DURO DE LA FUENTE  
Concelleiro  
DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS  
Concelleira

GRUPO do BNG:  
D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS  
Concelleiro

SECRETARIA EN FUNCIONS  
DNA. M<sup>a</sup> JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

INTERVENTOR EN FUNCIONS  
D. Luís M. Lozano Lorenzo

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vintetrés de decembro de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

### **ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

#### **A) PARTE RESOLUTORIA**

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO DE DATA 17-12-2013, RELATIVO A RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DAS RÚAS WALDO ÁLVAREZ INSÚA E PADRÓN DO CONCELLO DA ESTRADA.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA ESPECIAL DE CONTAS, RELATIVO Á APROBACIÓN DO LÍMITE MÁXIMO DE GASTO NON FINANCEIRO PARA 2014.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA ESPECIAL DE CONTAS, RELATIVO AO PROXECTO DE ORZAMENTO MUNICIPAL 2014.

#### **B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN**

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 4 E 29 DE NOVEMBRO DE 2013, ÁMBOLOS DOUS INCLUIDOS.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

\*\*\*\*\*

#### **A) PARTE RESOLUTORIA**

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO DE DATA 17-12-2013, RELATIVO A RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS**

**E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DAS RÚAS WALDO ÁLVAREZ INSÚA E PADRÓN DO CONCELLO DA ESTRADA.**

**Sr. Alcalde.-** Moi boa tarde a todos i benvidos á que é a sesión ordinaria do Pleno correspondente ao mes de decembro. Na Orde do Día non...non figura a aprobación da acta anterior, pois o Pleno celebrado extraordinario a principios deste mes non dou tempo a redactar e elaborar todo i a acta. Así que o traeremos...intentaremos traelo ao seguinte Pleno, a ver si podemos, porque é o día 2 de xaneiro, as actas para a súa aprobación destas sesións plenarias.

I, polo tanto, o primeiro punto da Orde do Día é e aprobación, se procede, do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo de data 17 de decembro de 2013, relativo á resolución de alegacións e aprobación definitiva do estudo-detalle das rúas Waldo Álvarez Insua e Padrón do Concello da Estrada. Ten a palabra o señor Alberto Blanco.

**Sr. Alberto Blanco do PP.-** Boas noites, de acordo ao ditaminado na Comisión de...de Urbanismo se...se procedeu ao estudo das alegacións presentadas ao estudo-detalle das rúas Waldo Álvarez Insua e rúa Padrón, nos aledaños de...da plaza de abastos con motivo das actuacións que se procederán a levar no seu momento. En primer lugar había dúas alegacións presentada unha por un particular referente basicamente á...á dificultade que pensaba que lle podería supoñer o estudo-detalle para poder acceder ao seu garaxe, por medio do informe do técnico correspondente se lles aclara que non existe modificacións que lle impidan este acceso. Así mesmo hai unha alegación dunha asociación veciñal, "A Virxe da Peregrina", que basicamente argumentaba que se invadían as propiedades públicas privadas feito que posto que a...tanto as normas subsidiarias provisionais como o Plan Xeral é absolutamente compatible e non existen modificacións. Polo cal se procede a propoñer a súa desestimación, a continuación aprobación definitiva do estudo-detalle das citadas rúas, notificando loxicamente aos propietarios interesados a correspondente publicación.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, moitas gracias señor Blanco, ¿algunha intervención? Pois logo procedemos á votación deste...Magariños ¿unha intervención?, ¿Non? Procedemos polo tanto á votación deste punto que é a aprobación do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, relativo á resolución de alegacións e aprobación definitiva do estudo-detalle das rúas Waldo Álvarez Insua e Padrón no Concello da Estrada. ¿Votos en contra? ¿Abstencións? O Bloque ¿votos a favor? PSOE i Partido Popular.

Sometido o asunto a votación, adóptase, polos votos a favor do PP (11) e PsdeG-PSOE (9) e o voto en contra do BNG (1), o seguinte **ACORDO**:

Vista a expresa proposta do Sr. Alcalde-Presidente en relación co asunto de referencia, así como das alegacións presentadas durante o trámite de información pública (2), e do informe técnico municipal emitido sobre estas.

Vista a inqueda manifestada pola Sra. Louzao Vieites, relativa á demora na tramitación deste expediente.

Vista a dobre queixa exposta polo Sr. Magariños Maceiras, referida, por unha banda, a que a finalidade deste Estudo de Detalle debeu de explicarse, persoalmente, aos veciños afectados; respondéndolle o Sr. Durán Barros que se celebraron 2 reunións con eles para tal efecto, con independencia do trámite de información pública e das notificacións singularizadas aos afectados por radicación. E, por outra

parte, a que pouco houbera custado a colocación de paneis explicativos das obras a acometer así como do obxecto deste Estudo de Detalle, para coñecemento xeral.

Visto o Estudo de Detalle das rúas Waldo Álvarez Insúa e Padrón do Concello da Estrada, de promoción municipal, asinado en data 16.01.13 polo Arquitecto Municipal, D. Manuel Sanmartín Chao.

Visto que, a súa Memoria Xustificativa subliña que a súa presentación obedece á necesidade de completar e establecer as rasantes e aliñacións recollidas nas N.O.S.P. de 1978, co obxecto de asegurar o correcto funcionamento daquelas, unha vez executada a obra urbanizatoria das devanditas rúas (concretamente, no contorno do mercado municipal de abastecementos para o que, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 17.09.12, aprobou un proxecto básico e de execución para a rehabilitación de baixo, 2 plantas para novo mercado, centro de día e ludoteca).

Visto que, tanto o Arquitecto Municipal autor do Estudo de Detalle (D. Manuel Sanmartín Chao), como o tamén Arquitecto Municipal que o informou favorablemente dende un ángulo técnico (D. Enrique Ponte Clares), aseveran que o dito instrumento respecta os obxectivos e as limitacións legal e regulamentariamente previstas, por outra parte analizadas nos Apartados 2 e 3 do informe xurídico incorporado ao expediente.

Visto que, o Arquitecto Municipal informante dende un ángulo técnico, motivou a innecesariedade aplicativa do procedemento de avaliación da incidencia ambiental consagrado para esta Comunidade Autónoma no Decreto 133/2008, do 12 de xuño.

Visto, para os efectos do disposto nos arts. 3 e 4 da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas do medio ambiente, en relación co art. 5 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, que o dito Estudo de Detalle está exento do procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

Visto o informe técnico favorable emitido en data 24.05.13 polo Arquitecto Municipal, Sr. Ponte Clares.

Visto o informe xurídico favorable emitido en data 28.05.13 por parte do T.A.X.- Xefe do Servizo Xurídico de Urbanismo.

Vistas as Normas de Ordenación Subsidiarias de carácter municipal de 1978 (N.O.S.P.), que recobraran vixencia no seu día, trala St. firme ditada pola Sala III do Contencioso-Administrativo, Sección 005 do T.S. 18.10.12 (rec. casación nº 1.785/2010), confirmatoria da Sentencia nº 1154/2009, do 12 de novembro, ditada pola Sección 002 da Sala do Contencioso-Administrativo do T.S.X. de Galicia, anulatoria da Ordenación Urbanística Provisoria aprobada para este Concello polo Consello da Xunta de Galicia en data 16 de novembro de 2006 (DOG nº 224/2006, do 21 de novembro –Decreto 207/2006-), unha vez desestimados senllos recursos de casación interpostos polo Concello e pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Visto o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Vista a aprobación inicial do amentado Estudo de Detalle, en virtude do acordo acadado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 03.06.13 (punto 12º dos da súa Orde do Día).

Visto o trámite de información pública artellado a partires da publicación do preceptivo anuncio no D.O.G. nº 155/2013, do 14 de agosto, e, no xornal “Voz de Galicia” do 17.08.13.

Vistas as notificacións do devandito acordo municipal, realizadas aos afectados en data 04.07.13, a partires da relación elevada a esta Alcaldía pola Inspección-Xefatura da Policía Local (R.E.. nº 7714/2013, do 3 de xullo).

Visto o certificado do trámite de información pública (18.10.13), acreditativo da presentación de 2 alegacións:

1ª) 29.07.13 (RE. nº 8747), de D. José A. López Pampín: manifestando que o largo da rúa proposta (na R/ Waldo A. Insúa) non lle permite unha entrada a camións na súa edificación número 3; informando ao respecto o Arquitecto Municipal (Sr. Ponte Clares) en data 24.10.13 que, ...” *a ordenación proposta parte do mantemento das aliñacións establecidas polas N.O.S.P. do ano 1978, se ben se procede ao seu sinalamento con maior detalle*” ...; ...” *Os planos recollen o estado actual do vial, no que a parte que se destina a tráfico rodado (aprox. 7,17 metros), permitindo o estacionamento a ambas marxes, polo o espazo de manobra sería similar ao que contempla o estudo de detalle. De tódolos xeitos, o propio estudio de detalle contempla que “Nesta rúa permitirase o acceso a garaxes, zonas de carga e descarga e outras que a Corporación Municipal estime necesarias para manter o normal funcionamento”; polo que o proxecto de urbanización que sirva para a execución das súas determinacións contemplará a compatibilidade dos seus elementos coas entradas a garaxe existentes” ...;...” Salvo erro ou omisión involuntaria, compre indicar que o ancho da zona destina a vehículos permite a circulación de camións e que o propio estudio de detalle contempla que se permitirán as entradas a garaxes, zonas de carga e descarga e outras que a Corporación Municipal estime necesarias para manter o normal funcionamento; polo que o proxecto de urbanización que sirva para a execución do seu contido contemplará a compatibilidade dos seus elementos coa entrada a garaxe existente; polo que non se comparte a necesidade de modificar o ancho do vial para permitir o acceso a camións na entrada indicada”... .*

2ª) 03.09.13 (R.E. nº 9918), da Asociación de Veciños “Virxe Peregrina”: manifestando que o documento inicialmente aprobado utilízase para invadir propiedades públicas/privadas; que, debe contemplar a parcela ou mazá completa; e, que o largo da R/Waldo A. Insúa queda reducido a 5,30 m, modificando así as NOSP de 1978; informando ao respecto o Arquitecto Municipal ( Sr. Ponte Clares ) en data 24.10.13 que, ...” *o presente Estudio de Detalle mantén as determinacións establecidas polas N.O.S.P do ano 1978, e en ningún caso altera o destino urbanístico do solo, nin incrementa o aproveitamento urbanístico, nin reduce ou modifica as superficies destinadas a rede viaria, espazos libres ou dotacións públicas, nin prevé a apertura de vías de uso público que non estean previamente recollidas non plan que desenvolvan ou completen, nin aumenta a ocupación do solo, ás alturas máximas edificables ou a intensidade de uso, nin supón a parcelación de solo, nin establece novos usos ou ordenanzas, nin infrinxe as demais limitación que impoñen as N.O.S.P do ano 1978, salvo erro ou omisión involuntaria” ...;...” A ordenación proposta parte do mantemento das aliñacións establecidas polas N.O.S.P. do ano 1978, se ben se procede a súa sinalización con maior detalle. O espazo destinado a rede viaria coincide co recollido no plano de “RED VIARIA (alineaciones)” Nº 2 das N.O.S.P. do ano 1978, non afectando aos espazos recollidos nas normas como espazo interior do polígono das aliñacións exteriores” ...;...” Segundo a redacción do artigo 73 da Lei 9/2002, en desenvolvemento dos plans xerais, plans parciais e especiais poderán redactarse estudos de detalle para quinteiros ou unidades urbanas equivalentes completas. En primeiro lugar, o quinteiro serían o espazo interior do polígono ás aliñacións exteriores e para as que se contempla aproveitamento lucrativo. O estudo de detalle en cuestión non afecta ao interior de ningún quinteiro. Enténdese que o elemento equivalente ao que fai referencia o artigo 73 da Lei 9/2002 é o espazo exterior entre dúas aliñacións, que carece se aproveitamento lucrativo (e que está destinado a uso público), e que as N.O.S.P. do ano 1978 definían como viais no plano de “RED VIARIA (alineaciones)” Nº 2 das N.O.S.P. do ano 1978. O planeamento de*

*desenvolvemento que nos ocupa fai referencia aos elementos equivalentes que recolle o artigo 73 da Lei 9/2002 (elementos da rede viaria sen aproveitamento lucrativo) "...;..." No tocante ao indicado no terceiro dos apartados da alegación (posible variación do ancho da rúa a 5,30 metros), compre salientar que este estudo de detalle fai referencia ao espazo entre aliñacións das Rúas Padrón e Waldo Álvarez Insua do Concello da Estrada, para os que as NOSP do ano 78 non recollen a súa anchura por escrito, debendo medir sobre os planos. O estudo de detalle tivo en conta o ancho previsto para ámbalas dúas rúas e respecta as aliñacións indicadas para ambas marxes, non variando o espazo destinado a vial, sen prexuízo de que recolle as rasantes non indicadas polas normas, de conformidade co establecido no apartado 7.1 das N.O.S.P. '78, no artigo 73 da LOUG e nos artigos 65 e 66 do Real Decreto 2159/78 do Regulamento de planeamento"... ; " Salvo erro ou omisión involuntaria, e en base ao xustifico tecnicamente no apartado anterior, procede desestimar a totalidade das pretensións incluídas na alegación achegada o 03 de setembro de 2013 xa que o estudo de detalle respecta as aliñacións indicadas nas NOSP do ano 78, fai referencia ao vial (como elemento equivalente ao quinceiro) e o ancho do mesmo é o que parece recollido no plano de "RED VIARIA (alineaciones)" Nº 2 das N.O.S.P. do ano 1978"... .*

Visto o derradeiro informe aclaratorio do Arquitecto Municipal (Sr. Ponte Clares) de data 28.11.13, aseverando que o Estudo de Detalle de referencia, á súa vez, é totalmente compatible co P.X.O.M., dado que ten por obxecto completar e establecer as rasantes e aliñacións recollidas nas derogadas NOSP de 1978, pero que son idénticas ás que aparecen na planimetría do vixente P.X.O.M., ao tratarse dunha zona completamente consolidada.

Vistos os arts. 86.2, 89.2 e 90.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, en relación cos arts. 21.1.j) e .3 , e 22.2.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto, por último, o ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, adoptado en sesión do 17-12-2013.

#### **ACORDAMOS:**

**1º.-** A desestimación das dúas (2) alegacións presentadas, con fundamento no informado polo Arquitecto Municipal de referencia, e de acordo co motivado ao respecto na parte expositiva do presente acordo.

**2º.-** A aprobación definitiva do Estudo de Detalle das rúas Waldo Álvarez Insúa e Padrón do Concello da Estrada, asinado en data 16-01-2013 polo Arquitecto Municipal, D. Manuel Sanmartín Chao.

**3º.-** A notificación destes Acordos aos propietarios e interesados afectados de xeito individual, de acordo coa relación elevada a esta Alcaldía pola Inspección-Xefatura da Policía Local (R.E. nº 7714/2013, do 3 de xullo).

**4º.-** A publicación no Diario Oficial de Galicia do acto de aprobación definitiva; no Boletín Oficial da Provincia do documento de planeamento aprobado; e, a comunicación disto á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para coñecemento e efectos.

**2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA ESPECIAL DE CONTAS, RELATIVO Á APROBACIÓN DO LÍMITE MÁXIMO DE GASTO NON FINANCIERO PARA 2014.**

**Sr. Alcalde.-** O segundo punto é a aprobación, se procede, do ditame da Comisión Informativa de Facenda Especial de Contas, relativo á aprobación do límite do gasto non financeiro para o ano 2014. Ten a palabra o señor Blanco, concelleiro de Facenda.

**Sr. Alberto Blanco do PP.-** Ben, de acordo á normativa vixente, antes de proceder á aprobación do estudo dos orzamentos para o 2014, é obrigatorio proceder a estudo e aprobación do teito de gasto que ven establecido pola Lei Órganica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. O gasto non financeiro que propón, que basicamente...basicamente non, que...que ven establecido de forma rixida pola...pola lexislación, propónse tanto por Intervención como pola Alcaldía, un montante de once millóns novecentos catorce mil douscentos euros con doce céntimos.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben señor Blanco ¿algunha intervención? Ten a palabra señora Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.-** Ben, dende o Grupo Socialista imonos abster de votar o límite máximo de gasto neste caso, posto que, como argumentaremos despois, si ben é perceptivo por lei facelo a súa distribución non nos parece correcta, polo tanto vámonos abster neste punto.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, señor Magariños ten a palabra.

**Sr. Magariños do BNG.-** Si, imos a abstermos neste punto e reiterando os argumentos que xa levamos feitos estes últimos anos, e que non é xusta a lei que regula este límite de gasto porque mete no mesmo saco concellos saneados con outros, e o que está hipotecando é o futuro da maioría dos cidadáns deste país ao evitar facer inversións en campos importantísimos para a calidade de vida dos cidadáns.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, pois se non hai máis debate procedemos, polo tanto, a votar este segundo punto que é a aprobación do ditame da Comisión Informativa de Facenda Especial de Contas relativo á aprobación do límite máximo de gasto non financeiro para o ano 2014. ¿Votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbase por maioría.

Sometido o asunto a votación, adóptase, polos votos a favor do PP (11) e as abastencións PsdeG-PSOE (9) e BNG (1), o seguinte **ACORDO**:

Visto o informe-proposta da Intervención municipal de data 9 de decembro de 2013 onde se determina a cifra máxima do gasto non financeiro que obrigatoriamente debe fixar o Pleno con carácter previo á aprobación do Orzamento para o 2014 en virtude do disposto na Lei Orgánica 2/2012.

Vista a proposta en tal sentido formulada pola Alcaldía con data 09-12-2013, con base no antedito informe.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, acadado en sesión do 12-12-2013.

**ACORDAMOS:**

Apróbase como límite máximo de gasto non financeiro para o exercicio do ano 2014 a contía de 11.914.200,12 euros, segundo o establecido no artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e seguindo os criterios indicados no informe-proposta de Intervención.

**3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA ESPECIAL DE CONTAS, RELATIVO AO PROXECTO DE ORZAMENTO MUNICIPAL 2014.**

**Sr Alcalde.-** I o punto número 3 é a aprobación, se procede, do ditame da Comisión Informativa de Facenda Especial de Contas relativo ao proxecto de orzamentos municipais para o ano 2014. Ten a palabra o señor Alberto Blanco.

**Sr. Alberto Blanco do PP.-** Ben, traemos a proposta de orzamento para o exercicio 2014, un orzamento que nas súas cifras e nas magnitudes principais se establece un importe de 12.440.000 euros moi similar ao do ano pasado e que buscan manter... bueno o que se...o que é a...a filosofía deste grupo de...de goberno tratando de manter e mellorar o que son os servizos públicos básicos, optimizar os recursos de que dispón este Concello, e todo iso bueno a base de...de manter sobre todo política fiscal, política de emprego, políticas sociais sobre todo, e de mantemento de servizos públicos. Desgranando o que serían os...as principais variacións respecto ao orzamento do...do ano pasado, atopámonos no capítulo de ingresos cunha disminución no capítulo I de 490.000 euros respecto ao ano pasado, sobre todo esto ven motivado pola disminución da presión fiscal que se procede a realizar no IBI urbano dun 33 por cento na rebaixa do...do tipo impositivo que, bueno, vai a deixar outra vez o tipo no...no 0,4, co cual os estradenses van a lograr unha disminución nos seus recibos do 27 por cento, na xeneralidade dos recibos. A parte disto, existe unha disminución no Imposto de Bens Inmóbeis que ven relacionado ca entrada en vigor do Plan Xeral de Ordenación Municipal, así hai unha serie de propietarios, un número moi importante, 1.147, que teñen fincas situadas nos aledaños, na periferia do que sería o casco urbano recollido como solo urbano consolidado, e que pasan a ter a calificación de solo urbanizable non delimitado, fiscalmente ten recoñecido un...a mesma figura, esta figura ten recoñecida a mesma situación fiscal que a rústica, co cal practicamente a maioría das propiedades destes 1.147 propietarios pasarán a tributar 0 euros. Isto, loxicamente, produce esta disminución importantísima do...do IBI de entorno a 450.000 euros.

Así mesmo, como a nota máis característica destes orzamentos, é que non se vai a tocar ningún...ningunha taxa, a parte disto que acabamos de mencionar do IBI que baixa, tanto o resto dos impostos como taxas e prezos públicos, van a ter conxelados os seus importes, tanto os seus tipos como os importes no caso de...de prezos públicos, nin sequera se lle vai a aplicar o IPC.

Con todo...con toda esta situación os...o que é a cifra total mantense practicamente igual que o ano pasado, estamos falando de 5.700 euros de diferenza, porque os ingresos se ven afectados por outros lados. Se ten unha presión un pouquiño máis alta no que sería o capítulo de...de ingresos procedentes de aportacións do...do Estado respecto aos contemplados o ano pasado, as taxas mantemos o que sería os valores, practicamente todos, os mesmos valores que se viñan contemplando o ano pasado a pesar de que exista a posibilidade de que se incremente algunha taxa, concretamente a auga, sumidoiros e recollida de lixo, con motivo da transferencia ou delegación da...da gestión ao ORAL, onde esperamos que empecen a tributar estas tan comentadas vivendas que ata agora están ocultas no que é o pago dos servizos que veñen recibindo.



Esto basicamente serían as máis destacables destes orzamentos de 2014 en canto aos ingresos. En canto aos gastos ben... sinalar que existen unha serie de...de partidas que sufren algunha variación importante como sería o capítulo un, que sofre un incremento de 250.000... perdón, 258.000 euros, que veñen motivados practicamente na súa totalidade pola...polos salarios e retribucións, gastos de Seguridade Social do Grupo GES que pasa a formar parte deste Concello; dez novos postos de traballo dos que se ten que facer cargo o Concello pero que ten a súa compensación por parte das aportacións e transferencias que fan dúas Consellerías e a Deputación de Pontevedra, quedando un balance a cargo do Concello de 60.000 euros que, como comentei no seu momento, considero que é un gasto adecuado por fixar dez postos de traballo no...no noso Concello, a parte de estar dando incremento de servizos tanto ao noso Concello como aos aledaños. Así neste capítulo, e por medio deste esforzo de seguridade cidadana do GES, na Policía Local estamos incrementando en concepto de seguridade cidadá un 20 por cento respecto ao ano pasado.

Mantemos a nosa política de...de servizos sociais, de axuda a maiores, tele-asistencia, e todos estes servizos que son absolutamente básicos e moito máis en momentos como os actuais, xa o ano pasado se lle había incrementado en 200.000 euros e que mantemos este ano.

Mantemos o que serían o forte incremento en promoción de emprego, que aparece reflexado no capítulo II xa de gastos, si hai un incremento respecto aos gastos do ano pasado, sobre todo por incremento de gastos produtivos, onde se recolle, por exemplo, o que estaba dicindo agora do Obradoiro de Emprego. Se trata de reducir e se consegue, porque seguimos coa nosa política de optimizar o que son os gastos non produtivos, pois se produce unha redución que se ve, neste caso, contrarrestada polos gastos produtivos. O Obradoiro de Emprego pasa de 100.000 a 170.000 euros, unha cantidade penso que moi importante.

Así mesmo tamén se produce un incremento moi importante en apartados como educación, un 10 por cento, subindo de 660.000 a 720.000 euros; se produce un incremento moi importante en apoio ao sector gandeiro e ao sector comercial, no sector gandeiro hai un incremento de 350.000 euros e 50.000 no sector comercial.

Consolidamos todos os servizos públicos en xeral e, sobre todo, o que seguimos a facer é manter o que é a realidade do...do gasto público, é dicir recoller todos aqueles gastos que ata agora se viñan tendo e que non aparecían debidamente recollidos, como foi no seu momento o gasto en alumado público, onde en anos anteriores se recollía unicamente 500.000, agora pasa a 800.000, e sendo o gasto establecido previsto de consumo eléctrico 950.000 euros, tendo en conta o aforro que se produxo no seu momento co aforro selectivo tanto no rural como no casco urbano.

Se sigue apoiando a educación, que xa se iniciou o ano pasado por incremento do gasto en comedores; se segue apoiando debidamente a gardería, conservatorio, todas aquelas actividades que corren a cargo deste Concello.

Estas son, en principio, as notas máis importantes destes orzamentos, que nos permiten, sobre todo un feito moi importante, que non é unicamente o gasto recollido con carácter anual senón que nos permite garantir todas aquelas inversións que se veñen facendo ao longo de actuacións plurianuais, como son as actuacións relacionadas co novo mercado, a actuación que se vai a facer na carretera Liñares-Balboa, actuacións, compromisos que tiña o Concello en relación ca zona deportiva, campo de fútbol e, sobre todo, mantemos unha...unha aposta importantísima no rural. O rural sempre é moi difícil de gestionar, todos o sabemos, e nun Concello tan extenso como...como a Estrada e que se leva dunha forma directa

ou indirecta, é dicir, tanto vía inversión como vía gasto corrente, unha cantidade, un importe aproximadamente de 1.200.000 euros.

En canto á inversións, sinalar basicamente o que estamos dicindo de actuacións en relación co novo mercado e actuacións no rural, estamos falando de 200.000 euros, para ambientación do rural 130.000, así como actuacións relacionadas co AGADER por valor de 132.000 euros, o que eleva os orzamentos a 1.093.834 euros.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben señor Blanco ¿algunha intervención? Ten a palabra señora Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.-** Ben, escoitábamos agora ao portavoz do Partido Popular facer unha lectura dos orzamentos que, dende logo, nos parece un pouco surrealista i non podemos compartir, porque nos alentaba unha serie de datos pero é que o mesmo proxecto de orzamentos poñen enriba da mesa outros datos, i poñen enriba da mesa que este proxecto de orzamentos 2014 non aporta nada novo, é un proxecto continuísta na súa esterilidade. Estos orzamentos non son útiles para facer fronte ao desemprego local nin, dende logo, para impulsar a economía produtiva. Porque vostede facía referencia, i é certo, a que o efecto perverso da subida do valor catastral, i digo perverso porque esta subida vai a pesar a perpetuidade sobre os veciños, esta modificación á alza do valor catastral non se pode reverter i é certo que si vai facer que baixen os ingresos con respecto ao...ao IBI no noso Concello; pero é que esta baixada trátase dun 1,3 por cento, unha baixada do 1,3 por cento porque se compensa con transferencias que recibe o Concello do Estado, é dicir, estamos falando dunha baixada en cómputo total do orzamento de 5.700 euros que, dende logo, para nada se corresponde coa situación que deixa para os nosos veciños. Porque estos orzamentos si siguen a mesma liña dos anteriores pero con respecto á forte presión fiscal, porque os estradenses viron como nos últimos 3 anos pasaron i se incrementou a presión fiscal sobre eles algo máis de 70 euros, i este 1,3 por cento que se reduce agora estamos a falar de que vai a facer que ese 27 por cento que se vai a baixar no recibo do IBI continúe a presión fiscal sobre os nosos veciños 50 euros máis cara que cando vostedes chegaron ao goberno municipal. I, ademais, si a presión fiscal é máis cara, os nosos veciños ven como xusto o efecto contrario, cóbraselles máis a través de impostos pero revírteselles menos. Os ingresos que o concello obtén a través dos impostos dos veciños débense perder polo camiño, porque a inversión por habitante, segundo os datos da súa propia liquidación no 2012, que é a última que teñen presentada, sitúase en 48 euros de inversión por habitante, a pesar de que nos orzamentos dese mesmo ano vostedes manifestaban a intención de invertir 110 euros por habitante, nin tan sequera foron capaces de executala, limitáronse a facer simplemente un 44 por cento. I con respecto ao ano 2013, podemos seguir facendo as mesmas contas, co avance que vostedes nos dan, a do primeiro semestre do ano non chegaran vostedes nin ao 25 por cento do que dixeron que iban facer. Pero é que ademais, de como dicía, aumentar a presión fiscal, reducir a inversión por habitante, redúcese tamén o cómputo total das inversións reais que se prevén de cara a 2014 i se reducen nada menos que nun 31,5 por cento, o que fai que, dende logo, a inversión por habitante continúe baixando, e vistos os datos de execución que teñen vostedes, medo lles pode dar aos veciños en que se pode quedar. Pero, dende logo, si dicimos que ademais son inversións escasas, insuficientes, vostedes, i o facía o propio concelleiro portavoz fai un momento, intentan agrandalas falando de obras que levan en marcha 3 anos i que máis que unha inversión, perdón, para 2014 é...resulta unha chirigota porque xa resulta de chirigota que 3 anos despois a praza do mercado continúe sen rematar cando os cartos xa estaban consignados, soamente había que executar o proxecto, pero aí vese unha vez máis a súa capacidade

de execución. Pero si consideramos que é necesario incrementar estas inversións tamén consideramos que é necesario priorizar e concretar as mesmas, porque non se trata soamente os orzamentos, non son poñer números nun papel como vostedes deben considerar, senón que establecer prioridades, convertir este documento na ferramenta de traballo na verdadeira ferramenta de traballo para todo o ano.

I, dende logo, estos caixóns de sastre que vostedes fan con respecto ás partidas de inversión tanto para o rural como para o casco urbano, non van a permitir modificar a situación económica do noso Concello, o único que lles poderán permitir dende logo é facer dúas ou tres cacicadas por decisión política porque detrás, i vostedes mesmos o dicían nas comisións, non hai proxecto, non hai un proxecto real que sustente esas inversións, son caixóns desastre. I por eso dicimos: é necesario concretar i priorizar, non facer partidas xenéricas, pero non o dicimos só nós, o propio informe de Intervención llo recorda, é necesario completar i detallar esas partidas, pero vostedes prefiren facelo doutro lado, prefiren...mandan vostedes o criterio i a ideoloxía política. Pero ademais, como dicíamos, esto con respecto ás inversións, pero é que son partidas, como dicíamos, outras inversións que vostedes recollen nas que xa en 2013 fixeron inversións, estamos a falar de máis compra de mobiliario, outros útiles para os que tamén xa se consignaron partidas no 2013 i que vostedes continúan i, dende logo, na situación, no contexto económico no que estamos, é necesario reconsiderar volver a duplicar esas inversións un ano despois, non se pode facer gastos, continuar a facer gastos desta natureza hai que reconducir esas inversións. I, como xa dixen, aumentar a cantidade destinada á inversión real, pero que ademais esta inversión sexa real, que permita cumprir coas obrigas do Concello, cumprir cos servizos que se deben prestar aos veciños e incrementalos, porque nesta situación económica co paro tan elevado i coa situación das familias tal e como está o Concello debe estar ao lado dos seus veciños i non facer gasto improdutivo. Porque, dende logo, resulta irrisorio que se contemplan 80.000 euros para o casco urbano en partidas que non se sabe a onde van a ir destinadas, porque, como nos dicían na comisión, non existen proxectos detrás, mentras que si está perfectamente detallado a existencia de 53.000 euros para publicidade e propaganda, 53.000 publicidade e propaganda, 80.000 inversión no casco urbano, eso é o que vostedes lle dan de importancia ás inversións concretas. I nós poñíamos enriba da mesa: é necesario ampliar a partida de inversións, porque xa só no casco urbano hai que atender necesidades na rúa 24, na Fermín Bouza Brey, na Avenida de Santiago e noutras varias que, como dicíamos, con esos 80.000 euros é totalmente insuficiente.

E estas melloras é posible facelas, aumentar a partida, concretala i aumentala, dende logo, baixando gasto corrente, gasto corrente, porque dende que vostedes están na Alcaldía nos tres últimos anos incrementouse en 1.462.000 euros, ese mesmo gasto que cando o Partido Popular estaba na oposición tanto lle preocupaba ao hoxe señor Alcalde i que dicía cando o gasto era un 15 por cento máis baixo, cando o gasto era 1.500.000 por cento máis baixo, que había que reducir, insistía unha i outra vez i clamaba ao ceo que había que reduci-lo cifrando incluso nun 15 por cento. Pois resulta que agora, non solo non o baixaron ese 15 por cento senón que o incrementaron, parece ser que novamente confunden vostedes máis con menos, o mesmo que confunden cando falan de excelente xestión i os seus orzamentos reflexan nefasta xestión.

Estos orzamentos recollen entregarlle á Xunta de Galicia máis de 20.000 euros por utilización da piscina climatizada, algo que o Concello da Estrada viña desfrutando sin coste algún para as súas arcas; recollen entregar anualmente ao ORAL máis de 330.000 euros que, dende logo non van a chegar porque lle habrá que facer modificacións de crédito porque a inspección que realice o ORAL, si

é que a realiza, tamén vai a ter un custe que non se contempla; recollen máis cartos para técnicos xurídicos, xurídicos para apoiar a Secretaría, cando este Concello xa ten Secretario titular que, dende logo, vostedes saberán por qué non está na Secretaría, vostedes saberán que foi o que pasou i por qué hai que contemplalo 3 veces; unn complemento a unha funcionaria para que faga esas funcións, por se acaso temos que contratar asesores xurídicos, i dende logo, seguir contando coa persoa que temos en plantilla. Pero é que non é só iso senón que vostedes, derivados da súa nefasta xestión, vense obrigados a incrementar o gasto en avogados, é máis asumen vostedes perfectamente outras entregas a outras administracións sin tan sequera preocuparlle cal é a postura dos cidadáns ou cal é, neste caso, a postura do Tribunal de Contas, por exemplo con respecto á entrega do lixo á Deputación de Pontevedra, o propio Tribunal de Contas faino nun informe que avala que resulta máis cara a xestión fóra do Concello que a xestión directa, i a vostedes lle dou o mesmo, llo entregaron, evidentemente, a cambio ademais de coste máis alto para os veciños según se contemplaba no propio convenio. I asumen vostedes o incremento de SOGAMA, i asumen vostedes con gusto outros incrementos impostos por criterios do Partido Popular sin nin sequera preocuparlles a situación económica dos veciños, como dicíamos antes, coa presión fiscal moito máis alta que cando vostedes chegaron á Alcaldía. Pero ademais, i o grave i se reflexa hoxe neste Salón de Plenos, mentres vostedes lles quitan os cartos aos estradenses llos entregan a outras administracións, non dubidan tampouco en quitarllo a asociacións locais.

I, como dicía aquí, se contempla hoxe neste salón plenario i están hoxe os voluntarios de Protección Civil, porque como nos facían chegar ao largo do día de hoxe, i así se recolle nos orzamentos, se rebaixa a subvención que recibía esta agrupación de voluntarios de Protección Civil de 21.000 euros a 6.000, 15.000 euros de golpe que vostedes lle recortan a esta Asociación de prestixio recoñecido, tanto laboralmente como a nivel profesional, como no excelente servizo que nos ven prestando, que nos ven prestando na Estrada dende fai máis de 20 anos, que lle ven prestando a toda a poboación que o necesita a través do grupo de cans de rescate tamén fai máis de 20 anos. Ningunha corporación se atreviu a facer o que vostedes acaban de facer a esta excelente asociación de voluntarios que corre con estes gastos i que realizan este traballo tan profesional por un custe para o Concello dunha subvención de 20.000 euros vostedes lla rebaixan 15.000, i vostedes saberán por qué, porque curiosamente lla rebaixan sendo unha asociación con personalidade xurídica propia i a poñen vostedes en gastos diversos dentro dos gastos correntes do Concello da Estrada. Vostedes saberán como van a xustificar estes gastos que ten unha asociación con personalidade xurídica propia dentro das contas do Concello, eso, dende logo, o que denota é pouca confianza no grupo de Protección Civil de voluntarios, un grupo que como dicía conta co servizo de cans de rescate, un servizo recoñecido internacionalmente a nivel do estado Español, un servizo que participou en distintos accidentes i que foi recoñecido pola súa labor i pola súa tarefa. Lle recortan vostedes un 71 por cento, pero xa non só iso i o seu descontento que nos facían chegar, dicía tamén que son vostedes os primeiros que se poñen ao lado, i neste caso foi o propio señor Alcalde i así foi recollido polos medios de comunicación, o que dicía que se iba a facer cargo y que os iba a apoiar porque o grupo de cans de rescate era prestixio para a Estrada, i que os iba a apoiar dándolles os gastos, cubríndolle os gastos de acudir á súa homologación internacional i parece ser, que xa non só lle recorta, senón que ese compromiso non se cumpriu.

Como dicíamos os orzamentos da Estrada deben revertir na Estrada, i deben revertir apoiando con inversións aos veciños i ás veciñas, i, dende logo, non quitándolles o apoio que teñen i co que

contaban, pois neste caso a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil. Pero está claro con estes orzamentos i coa execución que vostedes están a facer cales son as súas prioridades, están moi clariñas a pena está en que están totalmente afastadas da cidadanía, prefiren vostedes ser serviles ao Partido Popular e abandonar aos veciños que enfrontarse ás decisións que adopta o seu partido i defender aos veciños e ás veciñas da Estrada, porque parece que non se dan conta que a Estrada ten máis de 2.200 parados, que as empresas cada día teñen máis dificultades para chegar a fin de mes i que necesitan carga de traballo, as nosas empresas non as de fóra, non necesitan que as descalifiquen dicindo que non están capacitadas, necesitan que as apoiem dándolle carga de traballo, i eso o Concello o fai a través das contas claras, da inversión dos seus orzamentos en proxectos concretos, non en caixóns desastre. Pero claro non se fala só de promesas, hai que cumprir coa realidade i vostedes non o fan, vostedes hipotecan o futuro da Estrada i dos seus veciños entregando os seus orzamentos voluntariamente, cun gran sorriso nunha fotografía, a outras administracións con falsas promesas de recadar máis i eso non o contemplan, non se revirte eso nestes orzamentos. Entregan vostedes o dos estradenses, o que lle cobramos...cobran a todos os estradenses a través dos impostos a cambio de nada. E estes orzamentos, como dicía, de 2014, un ano no que con dificultades a crise todavía non rematou a pesares de que o presidente Rajoy diga que xa hai brotes verdes, os veciños non os ven todavía, i os veciños que cada día son máis as familias que están en risco de exclusión social no noso Concello, son máis as persoas que dependen de Cáritas ou de Cruz Vermella para poñer un plato de comida na mesa, cren que, dende logo, non se vai a saír da crise como deben pensar vostedes polo arte do birlibirloque, non se sae da crise, en vista das súas prioridades, facendo campos de fútbol, facendo paseos ou gastando cartos en luces de cores, festas, publicidade, propaganda, atención protocolaria.... eses son os gastos que a vostedes lles gusta subir i, como dicía, dende que gobernan subiron máis dun 1.500.000 de euros, pero eses non son os gastos que van sacar a Estrada da crise i, por iso, o Grupo Socialista lles tendía na Comisión, lles dicía que é necesario conter gasto deportes, cultura, festas, festexos, publicidade, propaganda...., ninguén dubida que hai certos gastos que hai que manter, pero o que si non se pode facer é incrementar partidas improdutivas. Por iso, o dicíamos, aí estaremos para negociar un orzamento no que se concreten os proxectos, un orzamento no que non se faga distribución das inversións con criterios ideolóxicos, senón que se reconsideren os gastos i se faga un orzamento que realmente sirva para o que é, para facilitar, para mellorar, para dinamizar en definitiva a economía local i que facilite saír desta crise. Por eso, o Grupo Socialista mantendo a súa man tendida para facer estes cambios nestes orzamentos, di que de non ser así non poderá apoialos.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, moitas gracias señora Louzao ten a palabra...

(aplausos)

**Sr. Alcalde.-** Ten a palabra señor Magariños.

**Sr. Magariños do BNG.-** Si, está...traenos aquí hoxe o goberno para aprobar neste Pleno uns presupostos que son case unha copia dos do ano pasado, solo que empeora aqueles defectos graves que xa tiña, que eran moitos, o presuposto do ano pasado, pero este séguese empeorando. Así vemos como o aforro neto do Concello cada vez é menor, e aforro analizado en función do que é a capacidade de investimento real do Concello ¿non?, é o que realmente lle interesa

aos veciños, porque é onde se pode investir en mellorar a calidade de vida dos cidadáns. Este aforro neto diminúe ano a ano a pesar de que os ingresos están subindo estes últimos anos, non slo o do IBI, senón tamén transferencias do Estado e da Xunta, pero vemos que a capacidade de investimento cada vez se reduce ou se inviste en prioridades, podíamos definir estrañas ¿non? Se podemos comparar o que era o investimento do goberno que...en medio rural cando era competencia do BNG, onde era case un investimento de preto de 1.000.000 euros, ao investimento que nos presenta este ano o goberno do Partido Popular, que está nuns 362.000 euros. Se ben é certo é maior que o ano pasado, porque o ano pasado que o presuposto do 2013, o deste ano vamos, era absolutamente baixo, era irrisorio ¿non? Uns presupostos onde vemos que o capítulo I e o II siguen medrando, entón a pregunta que hai que facerse é ¿onde está ese famoso plan de aforro do goberno?, non o vemos por ningún lado, porque, dende logo, estes capítulos do gasto corrente cada vez está aumentando moito máis.

Se plantexa un aumento de plantilla para asesores xurídicos, se falaba tamén nas Comisións da creación dun departamento de compras, a Estrada terá que ter o cadro de persoal que pode pagar non o que non pode pagar, igual que teremos que ter unha iluminación de nadal que podamos pagar e non despilfarrar o que non temos. Habrá que priorizar gasto, dende logo aumentar a plantilla neste momento non é unha prioridade porque, entre outras cousas, non temos cartos para pagar. É un presuposto cheo de medidas despilfarradoras que para nada miran polos intereses dos estradenses, i un exemplo claro é o traspaso da recadación á Deputación que vai supor, dende logo, unha merma importantísima de recursos para o Concello que se poderían dedicar a realmente cuestións importantes, cuestións que melloraran a calidade de vida dos veciños.

No presuposto está claro que o que se quere é pagar obras, competencias doutras administracións, e así vaos a pagar, cousa curiosa, o vial Callobre-Vilaboa, Fundación do Moble (porque, claro, ao retirar o presuposto, a Consellería ten que facerse cargo o Concello), a piscina da Academia de Seguridade, o GES, sen embargo reducimos a aportación á agrupación local de Protección Civil, pero despois gústanos saír na foto co grupo de cans de rescate ¿non?, eso si que nos gusta facelo, pero apoiar o que realmente é unha competencia do Concello, como é apoiar as agrupacións locais de todo tipo, especialmente a de Protección Civil, que fai un gran labor a todos os veciños e non hai máis que mirar cando se fai calquer tipo de actividade quenes son os que están nos cruces, ou quenes son os que se encargan da seguridade e dar apoio aos veciños e veciñas da Estrada ¿non?, esto é o que importante, i non facer obras cando son doutra competencia, cando son doutras administracións, i aquí cabe o dito, mellorado un pouco, "quen fixo a obra en propiedade allea, perdeu a feitura e ademais os cartos" que é o importante. Vemos como, por un lado, o Estado se empeña en sacarlle competencias aos grupos...ás agrupacións municipais, aos gobernos locais e, por outro lado, os gobernos populares municipais se empeñan en darlle recursos económicos a entidades como son as deputacións, que son absolutamente inútiles para os beneficios...para os cidadáns, porque realmente os beneficios que lle poden sacar os cidadáns é nulo, bueno, campos de fútbol, eso si, porque somos a provincia do Estado que máis campos de fútbol de herba sintética temos, eso é un gran servizo para todos os...os veciños e veciñas da Estrada e, incluso, para os propios deportistas. Me sorprendía agora na inauguración de...da exposición do Estradense, cando algún dos alí presentes aficionados ao fútbol, eu non o son, pero me dicían home é que é unha pena imos a perder calidade, si recoñecemos que nós como entidade podemos gañar uns...un local pero, dende logo, como campo de fútbol vamos a perder, porque dende logo como a Baiuca non había, porque era un campo de herba natural que ademais tiña unhas

infraestruturas deportivas importantes e imos a...a reducir a nosa calidade, aquí cabe outro dito: que cambiamos a cara por outra parte do corpo, pero non o vou a dicir porque estamos nun sitio público ¿non?

Aquí asúmense disciplinariamente decisións inxustas, como é a suba do canon de SOGAMA, no canto de unirse a outro grupo de concellos nos que, por certo, están tamén Concellos do Partido Popular, reflexámolas disciplinadamente nos presupostos, pero aquí calamos, non dicimos isto está mal e así non vamos a por ningún lado. E eu pregúntome ¿onde están os gobernos amigos?, dende logo, é unha estraña relación de amizade onde o que sale beneficiado é o poderoso, i o pequeno neste caso, o Concello, cada vez está peor, porque cada vez ten menos recursos, porque ten que dedicar esos recursos para pagar o despilfarro que fan outras administracións. E aquí unha proposta que lle fai o BNG, é que se destine esta transferencia que vai a ir á Deputación Provincial para facerse cargo dos gastos do vial Callobre-Vilaboa, que se dediquen a facer inversións no que é o entorno do casco urbano, como pode ser crear prazas de aparcamento especialmente no entorno da Casa das Letras, deste xeito si mercamos esos terreos que rodean a Casa das Letras, evitaríamos que o día de mañá se acabe construíndo un edificio de varias plantas que acabaría indo en detrimento da calidade do que sería un edificio singular como é o da Casa das Letras e, ademais, lle estaríamos dando servicios aos veciños.

Pero non solo polo apartado do gasto vemos que é un absoluto despropósito este presuposto, senón tamén polo apartado de ingresos, entón aquí se nos fala desta medida que vai a facer o goberno de subir o 10 por cento os valores catastrais, unha medida que vai a ser pan para hoxe e moita fame para mañá; pero, curiosamente, se di que se avala e que se basa en varios artigos ¿non?, que facilitan esta redución ao 0,4, eu, por moito que vexo, non vexo en ningún lado que diga que ten que ser exactamente o 0,4, sin embargo, si vexo aquí o artigo 72, apartado 5, que non sei por qué non se fixo caso ao que di este artigo, que vou a leelo literalmente "por excepción en los municipios en los que entren en vigor nuevos valores catastrales de inmuebles rústicos y urbanos resultante de procedimientos de valoración colectiva de carácter general, los ayuntamientos podrán establecer durante un período máximo de 6 años tipos de gravamen reducidos, que no podrán ser inferior al 0,1 por ciento para los bienes inmuebles urbanos, ni al 0,075 por ciento tratándose de muebles urbanos" ou perdón rústicos, e aquí facémolle unha proposta que é que se acollan a este artigo e, moi ben aceptamos que se suba este 10 por cento no valor catastral sabendo que é unha medida moi, moi perigosa, pero que se pase este tipo impositivo ao 0,23 por cento porque, dende logo, si se pode utilizar a lei para o que nos interesa, hai artigos que podemos botar man deles para beneficiar aos veciños e deixar de cargalos con esta carga tributaria a que os está sometendo o Partido Popular, por un lado coas medidas que aprobou no Concello suprimindo a bonificación e, por outro lado, as medidas que aprobou o goberno do Estado para facer...poder facer...llevar a cabo esta medida de expolio do capital dos veciños e veciñas de todo o Estado, pero particularmente dos galegos e moito máis da Estrada. Había hoxe un chiste moi bo, creo que era no Faro de Vigo, onde era Papá Noel que lle levaba os regalos aos rapaces e dicía: "*lévolle as facturas dos nenos ricos aos nenos pobres*", eso está facendo o Partido Popular, está cargando á poboación, aos traballadores...traballadores o despilfarro dos ricos, o despilfarro da banca e o despilfarro do goberno do Partido Popular.

**(Aplausos)**

**Sr. Alcalde.-** Moi ben señor Magariños, ten a palabra o señor Blanco.

**Sr. Alberto Blanco do PP.-** Ben, di o Partido Socialista que estos orzamentos son surrealistas, surrealista é contraer obrigacións e non proceder ao pago en debida forma, como non ten que...como non lle queda máis remedio a unha...a unha administración. Despilfarro é gastar máis do que se ten, eso foi a situación que atopamos no seu momento, establecemos unha liña a seguir de orzamentos, o primeiro punto foi recoller todas esas desfeitas que existían, poñelas en camiño e a partir de aí asegurar o funcionamento de todos os servicios que existen, que existen e que son responsabilidad deste Concello. Por eso si podemos estar de acordo co Partido Socialista, que son continuístas, continuístas coa nosa liña a seguir, temos claro que temos que axudar na medida do posible ao emprego á búsqueda e mellora do emprego, así este goberno estableceu por primeira vez, que non existían unhas liñas de axuda a emprendedores, este goberno contemplou xa no primeiro ano 100.000 euros para un...para un Obradoiro de Emprego, que este ano se incrementan a 170.000 euros, mantemos desta forma unha aposta penso que absolutamente sería co que sería o fomento de emprego. É continuísta tamén porque seguimos a manter os servicios sociais, que non só mantelos senón aumentalos cun incremento, nos últimos dous anos, de máis de 300.000 euros, e estamos asegurando que esto siga...que siga nesta liña.

Falamos do...do IBI, falan os dous grupos da oposición do IBI, do incremento dos valores catastrais na situación actual, normativa, que a normativa que ao parecer consulta o Bloque Nacionalista Galego non coincide moito coa...penso que coa do Partido Popular fixo que non, parece que tampouco ca do Partido Socialista que nunca falou de semejante cousa do 0,1 por cento, a presión fiscal no Concello da Estrada non...lógicamente si se incrementou, se incrementou por eliminar a bonificación do IBI pero foi no único punto e que agora se rebaixa eludindo esas obrigacións que establece a legislación de carácter estatal. Consequimos que por medio do incremento do 1 por cento dos valores se rebaixe outra vez o tipo impositivo do 0,4. Esa ponencia de valores que o Bloque Nacionalista Galego segue empeñado en dicir que sería conveniente para a Estrada, que seguramente o que estivo lendo está relacionado con eso cunha nova ponencia de valores si permite retocar pero nunca, nunca baixar do 0,4 por cento o tipo impositivo.

Se nos critica a baixada de inversión, lógicamente si hai capítulos con baixada de inversión, sobre todo os relacionados co novo mercado, que se ven executando ao longo de varios anos e con moitísimo máis presuposto que o que se contemplaba inicialmente da solicitude presentada polo goberno bipartito, onde viña 1.000.000 de euros fondos FEDER. Ben, este grupo de goberno non solo consegue executar e sacar adiante este este traballo, senón que consegue dotar ata 2.000.000 de euros, desta forma penso que...que a actuación é moitísimo máis ambiciosa, con 1.000.000 de euros poderíamos dicir que houbera sido inexecutable, pero en todo caso se consegue dotar de novo con máis...con máis fondos para levar adiante un...unha obra que vai a...esperemos, que aporte á Estrada, bueno, unha mellora nos asuntos relacionados cos...cas dotacións que van implícitas.

Se nos critica de que vamos a facer cacicadas porque estamos utilizando caixóns desastre, ben, en todo caso o que si estamos asegurando é que as actuacións no rural e, que no seu momento se poidan definir as que non estén definidas e que se vaian a definir, algunhas están definidas como son actuacións na rúa da Cultura, unha obra tan necesitada para a seguridade dos estradenses, que vai a ter por fin solución; ben, hai obras definidas e outras de ...en todo caso o importante é que está dotado economicamente, que se están



conseguindo cartos para poder facer actuacións tanto no rural como no casco urbano, casco urbano que se fala da avenida de Santiago, creo recordar que lógicamente agora parece que a avenida de Santiago está en peor estado porque se arranxou a parte de abaixo, creo recordar que foron 90.000 euros que conseguiu este goberno para arreglar iso, como os 300.000 euros que se conseguiron, a pesar de non estar establecido nos orzamentos daquel ano, na calle Leicures que foi criticado no seu momento como unha...ou calificado como unha pequena actuación sen maior importancia, era una calle que, ao longo dos anos, viña sufrindo unhas roturas continuas no abastecemento de auga, e que non só se reparou este servizo senón que se fixo unha restauración do servizo de... bueno, de saneamento a parte de repoñer e remozar o que serían as aceras.

Estamos cuns orzamentos que consideramos que ten un contexto económico moi, moi importante, moi importante, xa se veu, xa se comentou respecto ao Obradoiro e emprendedores, e que, aínda que aparentemente teña o incremento de gasto corrente, o que si hai que empezar a definir é de onde ven os gastos que están recollidos que...que figuran no capítulo II. Sempre é moi fácil dicilo, o gasto corrente aumentouse, eu quero recordar simplemente que o que é gasto corrente improdutivo no...no que é subministros, se estiveron facendo xestións que, por sinalar as máis importantes, a parte de todas aquelas relacionadas no día a día por medio da plataforma de contratación, foi en telefonía, porque unha das primeiras cousas que fixo este Concello foi preocuparse por que se estaban pagando 96.000 euros en...en teléfono, había recibos dalgún teléfono de 300 e 350 euros nun mes, bueno, o lógico é preocuparse diso, o que teño eu curiosidade é por saber por que non se había feito antes. Máis de 60.000 euros se aforran en teléfono cada ano, o mesmo que en partidas importantes como combustible por medio das gestións que se fan ante os provedores, en fotocopias pasamos a aforrar 60.000 euros en catro anos por medio dun contrato dotando de maquinaria nova a todos os servizos, lectura de auga pasamos de 56.000 a 12.000 euros ao ano. Estos gastos están incluídos en gastos correntes, ¿que ocorre?, que se incrementan, se incrementan, lógicamente, porque están aportando servizos, servizos relacionados... como sería como dixen antes, no...co Obradoiro de Emprego e actuacións que son produtivas, actuacións no rural, se está dotando que son gastos correntes para a reposición de vías, mantemento...mantemento perdón, bacheo e todo iso aparece recollido no gasto corrente. Non se pode facer a conta da vella e dicir un gasto corrente sempre...aumentado sempre vai a supoñer tirar os cartos, o que hai que ver é dentro dese gasto corrente que partidas se están dotando e cales se están baixando, entón cando se empeza a analizar o gasto corrente polo miúdo é cando se pode dicir si se está gestionando ben ou se está gestionando mal. Por parte do grupo da oposición recurren ao fácil, dicir o gasto corrente se aumenta, están tirando cos cartos, cartos en técnicos xurídicos, si, se contempla un gasto en técnico xurídico, que por un lado se nos critica porque estamos contemplando e dotando orzamentariamente, por outro lado se nos está dicindo que por que mandamos ao ORAL se non contratamos un técnico xurídico, vamos a ver, estamos dicindo dúas cousas que son incompatibles. A día de hoxe, todos sabemos que non é posible contratar ou crear a plaza de técnico xurídico, estamos esperando que exista un cambio legislativo e si existe, lógicamente, consideramos que un...un Concello tan mal estruturado en persoal como o Concello da Estrada necesita uns técnicos xurídicos de forma inmediata, podemos falar do...do Secretario...Secretario, pero eu non me gusta falar del porque non lle teño aprecio. Avogados, lógicamente, avogados hai que...hai unha partida de 70.000 euros, aproximadamente, relacionados cas actuacións que se van a...a levar a cabo en defensa do Plan Xeral de Ordenación Municipal, é unha situación excepcional, se aprobou un

Plan Xeral que lógicamente está sometido a recursos, lógicamente hai que defendelos, hai que defendelos, para iso hai economicamente as partidas simplemente sería máis fácil borrarlo de aí e dicir non pasa nada pero señores temos a sorte de que hai un novo Plan Xeral, dáse o caso sempre de que non satisface a todo o mundo, todos os cidadáns que así o consideren poden defender o seu dereito mediante o seu recurso correspondiente, o Concello da Estrada ten que personarse nesas...nesas procedementos e dotar economicamente esas partidas, non queda outra. ¿Protección civil?, que temos aquí aos voluntarios, si, se...se mantén os gastos, simplemente o que se fai é situalos noutras partidas, non se vai a deixar de apoiar a un corpo ou un grupo de voluntarios que están facendo un traballo excelente e que vai a recoñecer sempre este órgano de goberno como supoño que toda...que toda a Corporación.

Estamos falando de gastos en luces, propaganda, vale, o título é moi bonito, temos o titular para a prensa, gastos en luces, máis se gastou nunha festa de fin de semana unha vez. A proposta do Partido Socialista de rebaixar o 10...12 por cento os gastos correntes, vamos a ve,r serio... serio non é, serio non é sobre todo sen vir con ningunha proposta completa, é dicir, vamos a baixar un 12 por cento, estamos falando imos eliminar 72.000 euros, calquera persona con sentido común sabe que para isto hai que empezar a tocar servicios básicos indispensables senón non é posible, si sería posible si o que facemos é ocultar gastos, collemos en vez de reconecer que temos que pagar 950.000 euros en gastos de...de electricidade, poisponse como se poñía antes, 500.000 euros, con 500.000 euros desta forma lógicamente que nos van a dar os número e baixamos os gastos correntes, nós queremos ser un pouquiño máis serios, queremos ser realistas no que son os gastos que ten que afrontar o Concello, porque outra cousa o que nos vai a levar é suprimimos 500.000 euros no gasto da luz, metémelo en inversións, facemos o gasto de inversión, e cando nos chegue o recibo da luz non temos con que pagalo, eso é unha situación que si sería moi dañina para o Concello e provocaría situacións penso que indesexables para...para o Concello da Estrada.

Ben, poderíamos falar de...de máis cousas, falouse do despilfarro do campo de fútbol, despilfarro personalmente do campo de fútbol son os case 500.000 euros que tiña o bipartito destinados a arreglar ¿non?, eeu penso que estaba destinado a arreglar o que sería a grada, a pista e o cierre, ao campo penso que non iba nin...nin un peso. Eses 500.000 euros se lle arrima, se consegue financiación da Diputación e se aporta polo Concello 200.000 euros e conseguimos un...un estadio que vai a dar satisfacción ás necesidades cada vez máis importantes dos estradenses, pero eso non é o importante, o importante é que por medio da triple acción ou triple movemento que se conseguiu, recuperamos 45.000 metros cuadrados da zona da Academia de Seguridade, donde se instala o campo de fútbol, e liberamos o espazo da Baiuca, dotando desta forma de máis de 20.000 metros cadrados en propiedade, que son xa propiedade do Concello e que pode poñerse a disposición de calquera outra actuación que no futuro veña, e que sempre foi a maior carencia deste Concello, ter en disposición terreno para actuacións, como foi no seu momento que non se puideron levar a cabo, os novos Xulgados ou actuacións similares. Si despilfarro é aportar cartos para facer unha mellora na obra de lineal Balboa no que é as aceras, incrementando seguridade para os nosos cidadáns, bueno, temos un concepto moi diferente do...do que é o despilfarro. E, bueno, basicamente considero que estes orzamentos si cumpren co que é a línea que se estableceu este goberno, asegurar os pagos aos provedores para non perjudicar ás empresas que xa o están pasando mal, manter os servicios sociales, a promoción do emprego, gestionar e optimizar o que son os servicios deste Concello.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben señor Blanco, moitas gracias. Ten a palabra a señora Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.-** Ben, señor Blanco, unha vez máis gústalle moito poñer en boca allea palabras que estes non dixeron, pero bueno xa estamos acostumbrados o mesmo que a que unha e outra vez lle bote a culpa dos seus males ou da súa nefasta xestión aos demais. Unha e outra vez insiste nos argumentos, porque debe crer si o repite moitas veces el mesmo se autoconvece de que é así, a pesar de que non é certo. I é certo, son continuístas claro que si, pero, me repito, son continuístas na súa esterilidade, non van a facilitar a mellora que a Estrada necesita porque, dende logo, baixar en 500.000 euros as inversións con respecto ao 2013 non vai a axudar aos veciños da Estrada, o mesmo que si tampouco vai a axudar aos veciños da Estrada pagarlle, como dicíamos, por utilizar a piscina climatizada cando antes non o tiñamos que facer, non vai a axudar aos veciños da Estrada cederlle á Diputación a recadación toda, tendo que entregarlle parte do recadado cando se podía facer con persoal municipal. Porque din vostedes que non se pode contratar, pero é que vostedes mesmos se contradín cando manteñen, i así se recolle na Memoria da Alcaldía, manteñen a necesidade de crear en casos excepcionais prazas para cubrir necesidades urxentes e inaprazabres, o mesmo que manteñen 12 meses as retribucións complementarias para unha eventual encomenda de funcións do posto de asesor xurídico, manteñen unha praza de asesor xurídico interino, todo iso podemos ir facendo recortes señor Blanco que son posibles i factibles sin deixar de cumprir coas realidades do noso Concello. Pero, dende logo, o que si é bo i era beneficioso para o Concello, era manter a Recadación, crear as plazas necesarias dentro desa posibilidade de excepción de necesidades urxentes, porque eso si era urxente, manter eses 400.000 euros que nos vai a costar ao final do ano esa cesión, mantelos no noso Concello para poder invertir i non perder os cartos das inversións. O mesmo que, dende logo, é tamén urxente e inaprazable recuperar as inversións e non deixar de facelas, non deixar de cumprir coas obrigas dos nosos veciños, porque non definir as actuacións no rural, como dicíamos, lévanos a que ao final ninguén sepa que é o que se vai a facer, ninguén sepa que saneamentos se van a facer, que infraestruturas, obrigacións do noso Concello, obrigacións que temos de prestar eses servicios i que non se están atendendo, o mesmo que é obrigación do noso Concello aforrar i ese aforro ten que revertir nos cidadáns, non entregarlle, insisto unha vez máis, a outras administracións que teñen as súas obrigas i que, nalgúns casos como citaba o represante do BNG, deixan de cumprir co noso Concello, neste caso coa Fundación do Moble i que o Concello da Estrada en lugar de esixirlle á Xunta de Galicia, que forma parte desta Fundación, que continúe a cumprir, asume unha subida, que, dende logo, apoiariamos esa subida si non viñera a cubrir un detraemento por parte doutra administración. Dende logo que hai que apoiar ao sector do moble porque é un sector que necesita carga de traballo, necesita que os apoiemos dándolles cargas de traballo i dándolles apoio para poder saír internacionalmente i demais, o que non é necesario é, como dicíamos, criticar i dudar da súa capacidade, porque non é de recibo, igual que no caso dos compañeiros de Protección Civil voluntarios que están aquí, i parece mentira señor Blanco que vostede dixera o que acaba de dicir, dicindo que o único que se fixo foi cambialos de partida, vostede que é xurista de formación, debería de saber que a asociación de voluntarios ten personalidade xurídica propia i que o Concello da Estrada, para asumir cunha partida propia de gasto corrente, eses gastos, dende logo, é unha inseguridade xurídica i simplemente pola súa formación como xurista non debería facer tal afirmación.

I como dicía antes, rebáixase un 1,3 por cento os ingresos, os veciños máis as transferencias do Estado supoñen unha merma de 5.000 euros con respecto ao total do orzamento do ano pasado, fronte a isto rebáixase un 31 por cento as inversións, fronte a isto entregamos medio millón de euros a outras administracións, xa ben sexa SOGAMA, xa ben sexa a Diputación de Pontevedra, ou ben sexa piscina climatizada, i eso, dende logo, non beneficia aos nosos veciños. I como dicía antes tamén, esto non se pode apoiar porque estamos establecendo unhas cargas para os nosos veciños que nada lles vai a favorecer para poder chegar a fin de mes, para poder conseguir un traballo, para poder, en definitiva, seguir adiante coa súa vida nestes momentos tan difíciles. I como dicíamos, o urxente, as necesidades prioritarias que teñen neste Concello se deben poñer claramente, non deixar a criterios ideolóxicos, non facer persecucións ideolóxicas, destes me caen ben i os outros non me caen ben, aquí invirto alí non. Hai que falar claro e esa ferramenta é o orzamento donde se debe, donde deben figurar todos estes proxectos, i si sabemos i contemplamos necesidades urxentes nas que se poida deixar para crear plazas, para dotar de personal, vaíamos a aquelas que nos poden revertir no Concello, i a cesión á Diputación do...de toda a recadación, o dixemos no seu momento i o seguiremos dicindo sempre é un erro, non se pode dicir que non se puideran crear cando se podía facer porque non é urxente e prioritario contratar por esta vía da excepción 17 peóns agrícolas como xardineiros, si, ao mellor, contratar personal que vaia a revertir i que vaia a traer beneficio ao noso Concello. Por iso, dende logo, non podemos apoiar estes orzamentos, non podemos compartir que unha redución de medio millón de euros nas inversións vaia a ser bo, non podemos compartir que un aumento do gasto corrente vaia a ser bo para os veciños i non podemos compartir que entregar a outras administracións o que é dos estradenses a cambio de nada vaia a ser bo, eso é unha nefasta xestión, insisto unha vez máis, que nada vai a beneficiar aos estradenses.

I me gustaría simplemente rematar dicindo que pode vostede disfrazar os datos como queira, pero os datos están na propia proposta da Alcaldía, total de gasto corrente 10.523.000 euros, distribución con respecto á carga total 84 por cento, incremento 413.000 euros con respecto ao 2013, de aí hai gasto que se pode baixar, de aí hai gasto que se poden pasar a inversións i que poden revertir nos nosos veciños.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, moitas gracias señora Louzao. Señor Magariños ten vostede a palabra.

**Sr. Magariños do BNG.-** Si, pois a lexislación que consulte polo tema do IBI pois, por exemplo, é a Lei 16/2013, Lei 16/2012, Real Decreto Lexislativo 1/2004, Real Decreto Lexislativo 2/2004, a Orde HAP/2308/2013,... estas son as que supoño que tamén consultaría o equipo de goberno. Son leis que si permiten ir a outro tipo impositivo, como xa dixen antes, e aí contarían co apoio do BNG, e ir a un tipo dun 0,23 ou 0,34 por cento, e aí sería cuestión de chegar a un acordo entre todas as forzas políticas que si bajarían esta carga impositiva aos veciños e veciñas da Estrada.

Repítolle o que xa lle dixemos os dous grupos da oposición, seguen subindo os gastos correntes, así si temos...nos fixamos no capítulo II, onde figura un incremento de 139.000 euros, pero si temos en conta que nos orzamentos do 2013 iba una partida de 342.000 euros para pagos do ano 2012, realmente o que se incrementa esta partida no capítulo II son 488.000 euros, que é o que sería realmente o que sube o capítulo II con respecto aos orzamentos do 2013.

Vemos tamén como parte das obras, dos investimentos, dos traballos que se van a facer, se vai a empregar o recurso de crédito

¿non? Unha cousa curiosa que se dedique o crédito a facer obras de mantemento e non obras de...obras de investimentos como podía ser por exemplo obras de envergadura do PXOM ou incluso novas infraestruturas do rural, pero bueno, é un criterio certamente curioso o que sigue o Partido Popular para adicar os cartos que ao final nos ten un coste a todos os veciños recurrir ao crédito ¿non? Para fomentar o emprego temos que ir a emprego de calidade, emprego a longo prazo, o que sería apoiar aos sectores produtivos e non ir a medidas que simplemente crean emprego temporal, queda moi bonito nas estadísticas pero realmente non garantiza o futuro nin dos...das persoas que van a participar nese taller de emprego nin, dende logo, o futuro de todos os veciños e veciñas da Estrada, o futuro dos veciños...veciños da Estrada, o futuro económico pasa realmente por apoiar aos sectores produtivos, os principais que ten, que son o sector agrogandeiro e o sector do moble. Dende logo, nestes presupostos non vemos para nada este apoio, si sube un pouquiño o apoio á Festa da Becerra, pero tamén é a única medida que podemos atopar ¿non?

É curioso que se fale da gran operación de recuperación de terreo na...na zona do...da carballeira co campo de fútbol, cando simplemente habería que recurrir ao convenio, a Consellería non cumpriu, non fixo o que tiña que facer neses terreos, co cal se podería recuperar eses terreos de xeito gratuito e non dándolle 21.000 euros anuais á Xunta, vainos a salir caro a recuperación desta...destas...destos metros...destos metros cadrados, vai a ser...dende logo a Xunta fixo o negocio do século e a Deputación tamén, pero bueno.

A min gustaríame saber ¿por qué na Estrada se nos aplica un criterio diferente a outros Concellos da provincia, e nós temos que facernos cargo de obras que son da Deputación? Os viais Callobre-Vilaboia é da Deputación, e é a Deputación a que se tiña que facer cargo de todo, e por qué, en comparación como por exemplo concellos do entorno a este bueno...de alí das rías de Pontevedra (onde si se fai a Deputación cargo de todo tipo de obras), porque si comparamos o que se fai por aí co que se fai por aquí, a diferenza é abismal, non hai máis que recordar as imáxenes do que foi a volta ciclista a España que pasou por aí, que pasaron un millón de veces e podemos ver como inviste a Deputación en certos Concellos e como inviste, mellor dito, como non inviste noutros, noutros tuvo que ir a dar unhas manciñas de pintura na estrada que estaba como estaba para que, polo menos, parecera que algo facía a Deputación ¿non? Que se nos aplique exactamente o mesmo criterio que se lle aplica a outros Concellos.

No caso do grupo de emerxencias supramunicipal: a parte de facernos cargo xa di...como xa dixen antes, dunha competencia que é doutra administración, en detrimento do que sería a nosa competencia, que neste caso sería a agrupación local de Protección Civil, que, volvo a repetir, non se pode comparar ao servizo que dan eles co que nos vai a dar o GES, a parte é o colmo do absurdo do que sería a xestión eficiente dun servizo dese tipo, ousea, rompemos o mando único (eu non fixen a mili ¿non?, non sei de que vai moito isto do que é o mando único en cuestións deste tipo), pero creo que é unha cuestión similar, para que sexa moito máis efectivo a coordinación e o traballo dos grupos de emerxencia ten que haber un mando único que dirixa e aquí repartimos, en vez de ter un mando único para loitar contra os incendios, non, repartímolos entre os Concellos, facemos así prevendas de xeito que o Concello poida xogar a quen contrata e a quen non contrata pero, dende logo, ao final quen o vai a pagar van a ser os veciños e os veciñas, porque imos a ter unha merma na...na seguridade cidadán con ese tipo de medidas que aproba o Partido Popular, que si lle vale ao Partido Popular para despois facer os seus favores, que non digo que o Concello da Estrada os faga coidado, pero si outros concellos estou seguro que

os vai a facer; si vai a valer para iso para contratar a quen si e a quen non é para o único que vai a valer, pero, dende logo, non para garantir a seguridade nin unha mellor dotación de servicios aos cidadáns, e, neste caso, o caso particular aos cidadáns, aos veciños e veciñas da Estrada.

Esto, dende logo, é un presuposto que non vai a axudar para nada a mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas da Estrada e, como é lóxico, non vamos a apoiar este tipo de medidas que, o único que vai a levar, é a afondar moito máis a situación de crise económica na que estamos vivindo, e, dende logo, non se ve por ningún lado o final deste túnel tan escuro que non ten ningún tipo de iluminación, ao mellor é porque se dedicou a iluminación a outro tipo de menesteres.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben señor Magariños i señora Louzao, pois eu creo que para...para pechar este debate pois, ante todo, dicirlles que sería raro que desde que están vostedes na oposición estiveran de acordo con algo, sería a primeira vez i non pretendíamos ser tan ambiciosos que fora esa primeira vez nun debate de orzamentos, non son capaces nin sequera de apoiar ou de valorar ningunha actuación, ningunha foi merecedora do seu apoio en dous anos e medio, e algunhas cousas faremos mal, outras ao mellor fixémoslas ben, pero dende logo por parte da oposición non se dou nin un minuto de tregua a este goberno en ningunha das actuacións que acometeu en...nestes dous anos e medio i, polo tanto, tampouco íbamos a esperar que o fixesen vostedes nos orzamentos municipais, está claro que non somos, de momento, pois tan crédulos para...para pensar iso ¿non?, pero o que si está claro é que plantexamos uns orzamentos que si se poden caracterizar por algo é polo seu rigor, e cando falo de rigor falo de que hai dos formas de facer os presupostos, dunha forma realista, recollendo o gasto real esixible no Concello i pagando ao día aos seus provedores i eso é unha fácil...poder acreditarlo vostedes a parte me consta que están facendo unha fiscalización moi próxima á labor do goberno, practicamente diaria, co cal evidentemente é o seu traballo, e poden ver, si queren lle dou a copia i porque seguro que o coñecen, a evolución da deuda de pago a provedores desta casa ¿non?, que é, creo, que inmaculada ¿non?, o pago en 30 días das facturas a provedores, ¿iso que quere dicir?, porque este goberno fai unha xestión rigurosa dos seus orzamentos i non fai como facía o goberno anterior, que tiña...recordo cando tomamos posesión, é certo que había un erro porque había unhas facturas non dadas de baixa, pero o seu último informe de Tesourería e Intervención sobre a débeda a provedores era de 2.850.000 euros en facturas, digo que houbo unha pequena corrección i ao final se converteu naquel famoso 1.800.000 euros en facturas pendentes dos cales lle teño que dicir que case 1.000.000 de euros eran de Fenosa i ¿por qué?, porque vostedes como son máis listos que os demais, nos orzamentos seus poñían que Fenosa, sumando todas as partidas orzamentarias, se levaba 400.000 euros nos orzamentos, así fai os presupostos calquera, porque todo o mundo sabe que Fenosa xira facturas por 1.000.000 de euros, i cando vostedes facían a trampa de utilizar os remanentes para pagar as facturas pendentes i chegaban ao mes de agosto i non tiñan cartos para pagarlle a Fenosa, deixaban sin pagar, e chegou este goberno i chegou a haber 950.000 euros en facturas pendentes a Fenosa. Esa é a fórmula que tiñan vostedes de xestionar ¿non?, i, desgraciadamente, este goberno tivo que poñer orde nesa xestión, i hoxe Fenosa está ao día, cobra exactamente ao día, pagámoslle o 1.000.000 de euros que deixaron vostedes a pufo i puxemos ao día i pagamos todos os meses as facturas de Fenosa ¿por que?, porque como nos orzamentos poñemos que Fenosa se vai a levar 950.000 euros, que é o que nos costa, pagamos porque temos diñeiro, esa é a diferenza entre como xestionaban vostedes i como xestionamos nós ¿i eso que fai?, que vostedes tiñan 5.500.000 de

gasto corrente pero dibuxaban nos orzamentos 4.200.000, e nós temos 5.500.000 de gasto corrente e poñemos nos orzamentos 5.500.000, esa é a diferenza, entón aquí maquillaxe presupostario cero. Nós viñemos a aplicar políticas rigurosas e é o que toca e eu sei que a veces eso pois xenera algún problema ou algunhas veces á xente non lle guste ou non lle guste estar fiscalizado, eu non teño ningún problema, ningún, teñen á súa enteira disposición todos os documentos e todos os papeis que se manexan nesta casa, todos!!, non teño ningún problema de fiscalización. Parece que a algún so que lle molesta ¿non?, que se fiscalicen as cousas e é o meu deber e a nosa responsabilidade como goberno ser rigurosos, e estes son uns orzamentos extremadamente rigurosos, e aí, nesa liña, pois vai esa explicación desa diferenza que vostedes falan sobre a evolución do gasto corrente ¿non? Porque agora mesmo si están recollidos os orzamentos como en realidade se deben de recoller, que é incorporando o gasto real efectivo, polo menos a exercicios anteriores e, de feito, era moi recorrente os seus informes de Intervención, onde a propia Interventora advertía desta cuestión e lles decía que estaban vostedes maquillando os ingresos e maquillando os gastos para intentar fixar os presupostos que eran totalmente ficticios e despois, claro, despois pasaba o que pasaba que chega o goberno do Partido Popular e ten que pagar as débedas todas que deixan vostedes e as facturas todas que deixan sin pagar, pero eso bueno pois é a nosa responsabilidade e así o...e así o asumimos.

O tema de que o incremento do IBI non ten retorno, é que isto...este argumento da oposición está cargado constantemente de falsedades ¿non?, vostedes propiamente se desacreditan a si mesmos, están dicindo que o IBI, o incremento do 10 por cento do IBI non ten retorno, eso é mentira, no momento en que fagamos unha nova ponencia de valores partimos de cero. Entón, ¿non ten retorno o que? Vostedes falan que este incremento se consolida por sécula seculórum, non, mentira, no momento en que o goberno municipal ou este Pleno tome o acordo de fixar unha nova ponencia de valores, que haberá que dabatilo, nese momento contador a cero, nova valoración catastral e, a partir de aí, non influye para nada os valores catastrais, como ben saben vostedes, que tiñamos de atrás, non é un valor que se incluya na ponencia de valores, senón que se vai actualizar en función dos valores que calcule o propio Catastro chegado...chegado o momento ¿non?

¿O incremento de SOGAMA?, pois miren vostedes por onde, é que a min me resulta de verdade que este debate de orzamentos foi algo atípico ¿non?, e me alegro moito ademais, porque quedáronse vostedes no superfluo ¿non? Faláron, claro, de gasto en publicidade, pero é que non falaban do que gastaban vostedes, claro que gastaban un 20 por cento máis, a vostedes válelle a este goberno non, pero a vostedes válelle. Falan vostedes de...de...doutros gastos e non falan do Rock and Clown, que gastaron 150.000 euros nun fin de semana, así con estas palabras, 150.000 euros que pagamos nós, non pagaron vostedes, tamén estaban dentro dese 1.800.000 euros as facturas pendentes, e as pagamos nós, pero non pasa nada 150.000 euros no Rock and Clown e queixanse porque aumentamos 5.000 euros no alumado navideño como medida de estímulo ao comercio local, pero claro, iso di bastante pouco do que...do que é a súa posición, e de feito tamén lles digo, que estou moi satisfeito porque non fago máis que recibir felicitacións na rúa, porque eu ando na rúa, dos veciños da Estrada que están satisfeitos e orgullosos do alumado de nadal deste ano e que fóra da Estrada se fale e se comente de que o alumado de nadal é un bo reclamo para que a xente poida vir aquí. E aí, nesa dirección, é onde estamos indo, intentando cambiar a tendencia dunha situación de crise e creando un estímulo que pode ser mellor ou peor pero un estímulo algo distinto para reactivar a actividade económica e a actividade comercial. Pero claro,

quedámonos nas luces ¿non?, que é máis bonito, i eso pois queda así, como máis desgaste ao goberno pero a realidade a intentan tapar vostedes.

É un resultado i un debate atípico porque por primeira vez creo que en moitos anos non se lle cuestiona a un goberno que non apoie aos servicios sociais, non falaron nin unha soa palabra dos servicios sociais, por algo será, por algo será, porque unha parte importante do incremento, á parte da rigurosidade dos orzamentos, é que este goberno aumentou en máis de 150.000 euros o apoio directo aos servicios sociais, por algo será que o Partido Socialista e o BNG non fan nin unha soa mención ao capítulo dos servizos sociais, primeiro...un dos primeiros recursos donde se inviste neste Concello, i lle digo, que solo nese...nese servizo se invisten máis de 1.120.000 euros, i vostedes non fan nin unha soa mención, casualidades do debate ¿non?, cando estamos falando da gran partida a nivel presupuestario i do gran apoio que fai este goberno a este...ás políticas sociais para as persoas máis desfavorecidas. Recórdolle, por exemplo, que pasamos de 420.000 que destinaban vostedes ao servizo de axuda no fogar a 570.000 euros que está destinando este goberno local desde que estamos gobernando aos servicios sociais i á axuda no fogar, eso curiosamente non o din, tampouco din que este goberno está asumindo o coste do servizo de teleasistencia, i que o facemos con recursos públicos, tampouco o din. Polo tanto, creo que cando vostedes non din nin "mu" sobre os servizos sociais é que algo importante i bo se está facendo en canto á xestión...á xestión.

Tamén, oye, non falan nada de educación, outro dos pilares básicos, outro dos buques insignia de esquerda reaccionaria en Galicia e en España, non falan de educación, non falan de servicios sociais, non falan do Plan Xeral, non falan das estratexias fundamentais de xestión nos próximos anos, de eso non falan. Curiosidades, curiosidades que ten este...este debate de orzamentos que a min, sinceramente, me deixou bastante perplexo ¿non?, porque dos grandes pilares, dos grandes pilares da xestión presupuestaria, da xestión económica deste Concello non se fala. PXOM, servizos sociais, educación nada, nin palabra, acórdalle agora o casco urbano, JA!!, que casualidade ¿non? Acórdalle agora a Avenida de Santiago, tivo que vir este goberno a facer unha actuación, como comentaba o concelleiro, de 90.000 euros na pavimentación do tramo final da Avenida de Santiago, tivo que vir este goberno a facer un Obradoiro de Emprego para condicionar un parque na Avenida de Santiago que se levaba reclamando máis de 10 anos, tivo que vir este goberno a poñer en marcha proxectos que levaban atascados i que o outro goberno tuvo máis de 10.000.000 de euros para executar, e non o fixo, cos famosos Plan E, Plan FEESL, Plan Diputación, 10.000.000 de euros i non fixeron...non miraron nin para a Avenida de Santiago, acórdalles agora. Acórdalles agora a rúa Fermín Bouza Brei, agora!!, cando tiveron 10.000.000 de euros para executar porque está exactamente igual que estaba fai 3 anos, igual!! acórdalles agora o casco urbano, acórdalles agora o Perez Viondi (que non falan tampouco del), acórdanse do proxecto da Casa das Letras (que tiveron a capacidade i a posibilidade de poder executalo, i os veciños da Estrada reclamando constantemente o...a situación caótica da Biblioteca Municipal, i vostedes miraban para outro lado i non lle buscaron nin unha soa solución). Ten que vir este goberno a buscar i a crear un espacio novo cun Obradoiro de Emprego para investir os recursos, aproximadamente 600.000 euros, para converter ese edificio na gran Casa das Letras da Estrada, ten que vir este goberno vostedes non se acordaron.

E non se fai nada no urbano, non, non, non, non se vai a cometer a humanización do entorno da praza da abastos con estes orzamentos, nonnnn, non hai diñeiro para facer os proxectos de humanización no entorno da praza i no entorno da Casa das Letras,



non o viron vostedes tampouco. Non hai o diñeiro para rematar a obra...a obra da Biblioteca i da Casa das Letras neste orzamento municipal, non o viron tampouco ¿non? Bueno, esto é unha cuestión de...eu dígolles, porque como xa levamos uns cuantos anos nisto, eu xa levo 10 anos nesta casa, seguramente na mitad, no medio, estará a verdade ¿non? Nin...nin...nin tan negro como o pinta a oposición nin doutro color como pode pintar o goberno, pero o que si lles digo ¿sabe o que é?, que cando un está constantemente instalado na crítica destrutiva, atroz i feroz contra a xestión dun goberno seguramente, seguramente eu llo digo, llo digo de verdade, porque algo de experiencia teño no tema, politicamente siguen así, van por moi mal camiño, porque a xente se queixa i se...i se cansa de ver dous partidos políticos constantemente instalados na confrontación, no enfrontamento, no debate estéril, na crítica destrutiva..., a xente tamén se cansa disto, i sabe que as cousas tampouco son tan...tan...tan negras como...como pintan vostedes.

Hombre, fala vostede..., critican é que imos a darlle á Deputación non sei cantos cartos, ¿que casualidade que non falen vostedes de que imos a executar a gran obra demandada por unha parte importantísima da nosa poboación, que é a estrada Liñares-Balboa? Señor Magariños, non...equivocouse vostede i dixo Liñares-Vilaboa, dixo Liñares-Vilaboa, non, é Liñares-Balboa; i esa obra que a levan reclamando os veciños, pois eu creo que así como 20 anos, nunca tivo a sorte de ver a luz, i a vai a ver precisamente neste ano 2014 gracias á xestión que fixo este goberno, exactamente igual que a carretera Portela-Souto de Veá que levou un investimento de máis de 1.000.000 de euros que estaba sendo reclamada dende fai máis de 15 anos polos veciños desa zona i que nunca tiveron oportunidade de vela feita i agora si a teñen ¿non? Investimento que, como lle digo, foi asumido ao 100 por cen coa Deputación de Pontevedra i que na...na negociación que establecimos coa propia Deputación i co seu presidente, intentamos buscar a fórmula para multiplicar esos recursos i xestionar novas infraestruturas, i, de feito, pois sabe vostede, por exemplo, que a Deputación de Pontevedra está investindo recursos seus nun vial municipal, como pode ser o que comunica a Avenida de Pontevedra coa rúa da Cultura, i esa actuación, que é unha actuación moi considerable, que estamos falando dunha actuación que vai a superar os 400.000 euros solo no que é maquinaria i os medios que está aportando a Deputación, a está asumindo a Deputación de Pontevedra sin que o Concello aporte un peso. Entonces, isto é a xestión compartida de gastos, eles, a Deputación actúa en determinados ámbitos i nós conveniamos outras actuacións de forma complementaria para mellorar as infraestruturas públicas no noso Concello.

I me fixo moita gracia que, claro pasan vostedes de puntilla polos gastos xurídicos i ¡oh! olvídanse do Plan Xeral, que casualidade ¿non?. Este goberno que aprobou despois de 30 anos unha ferramenta urbanística como é o Plan Xeral, falan vostedes dos gastos xurídicos claro que sí como calquer documento urbanístico que se aprobou en España, como calquer documento urbanístico, os veciños están no seu lexítimo dereito para reclamar o que eles entenden que son a clasificación que lle corresponde nos seus terreos. O Plan Xeral fixa unhas clasificacións i os veciños se non están de acordo teñen dúas vías, primeiro a fase de alegación no período administrativo, i despois a fase de recurso nun período contencioso, i é no que estamos. I cando hai Plan Xeral hai recursos, i cando hai recursos hai que defenderse, i a ver quen ten razón, si a ten o Concello ou a teñen os veciños, i si a teñen os veciños se aplicará ao documento, pero temos un documento vivo que, ademais, como dicía vostede, coa malísima xestión que estamos facendo estes demos do PP, porque somos o demo para vostedes, pois coa malísima xestión temos 1.200.000 euros aforrados para poder invertir na xestión urbanística do Plan Xeral. ¿Sabe canto deixaron vostedes?, cero. En dous anos

temos 1.200.000 euros aforrados para a xestión urbanística; tampouco faláron diso, claro porque non vaia ser que ao mellor o toquen de refilón i lle poida salir a xogada mal.

Despois claro xa no colmo do absurdo hai unha crítica destrutiva contra a decisión que tomou este goberno de protexer a mazán da Casa Consistorial i liberar de construción o que é a futura ampliación dos xardíns, i nos critican esa decisión de forma brutal e, sin embargo, propoñen que compremos un solar propiedade privada ao lado da Casa das Letras, bueno isto xa é o ...o despropósito da...da...da pouca planificación que algún partido político ten do que é a xestión urbanística i do que é o futuro da Estrada ¿non?, isto xa é o despropósito total, ousexa, é criticar por criticar, non van a comprar aquel, pero aquel non me gusta tiñan que haber comprado outro, parece que o Bloque ten algún interese especial nesa parcela, porque non sei que lle vai a aportar ao Concello da Estrada que non sexa o que lle aporta a ampliación dos xardíns na parcela, na mazán vacante no entorno do noso Concello, que é o edificio máis emblemático que ten a Estrada ¿non?, i unha zona completamente saturada como pode ver vostede todos os días no seu parque i no seu entorno. Por eso que creo que, bueno, pois non...non hai moito criterio, por eso seguramente como non tiña moito criterio xa non deixaron ningún peso vostedes reservados ao Plan Xeral. De feito dígolle máis, a nosa mala xestión nos leva a que nun momento tan complicado como este, o Concello da Estrada teña 300.000 euros de remanente positivo, e ¿sabe vostede o que fixemos?, pois non facerlle caso ao informe de Intervención i non amortizar deuda, i deixalos previstos i pendientes para que no ano 2014, se hai un cambio normativo, que esperemos que vai na lei de acompañamento dos orzamentos i se poida executar ese remanente positivo o poidamos destinar a complementar as inversións e as actuacións que van vinculadas a este orzamento, i, ademais, esperemos, i esa é a idea, que o remanente do 2013, cando liquidemos este ano, que será alí no mes...no ano...no ano...no mes de marzo, pois cando teñamos esta liquidación, seguramente se van a incorporar unha cantidade importante tamén de remanente a esa cantidade, i con ese aforro neto vamos a xestionar recursos i non vamos a destinalo a amortización de deuda, porque só temos 3.000.000 de euros de deuda neste Concello, i é un Concello que, hoxe en día, si se pode dicir que está saneado ¿non? Por iso todo iso nos dá certas facilidades i certa previsión para que no futuro poidamos xestionar de forma directa grandes iniciativas vinculadas co propio documento do Plan Xeral i con algunhas...con algunhas outras actuacións. Por eso con ese...temos garantida a inversión de forma ambiciosa no entorno urbano, de forma moi ambiciosa, i eso nos permite que este ano nos centremos no rural.

AH!! Outro tema, casualidade non faláron do rural, xa non lle interesa nin os servizos sociais, nin a cultura, nin a educación, agora temos que baixar en cultura, é o PP o que ten que baixar as aportacións do presuposto en cultura, é o PP o que ten que baixar as súas aportacións no rural. Señores, duplicamos as aportacións no rural, mantemos e incrementamos as aportacións en cultura, mantemos i superamos un 10 por cento as aportacións en educación, duplicamos o noso compromiso en materia de emprego. Falan vostedes de apoio i dicían tamén aquí de incentivar i de promocionar i de proporcionar negocio ás industrias locais, a min me gustaría saber cales foron con 2.200 parados que chegaron a ter tamén no seu goberno, ¿cales foron as medidas de estímulo empresarial que puxeron en marcha vostedes no seu orzamento?, ¿Cantos recursos destinaron vostedes?, se a única actuación que se destinou a emprendedores a fixo este goberno aportando 30.000 euros a axuda aos emprendedores que iniciaran os seus negocios a partir do ano 2012, ¿cales son as medidas?, é que isto, claro o que pasa é que parece que moitas veces a oposición o aguanta todo ¿non?, i eu creo que o que hai que

intentar é ser máis riguroso, i o que temos é que intentar poñer en marcha, i a min me gustaría que fixeran vostedes aportacións, di: é que as partidas son xenéricas, bueno é que isto xa é o colmo dos...dos despropósitos ¿non? Gustaríame saber cantos orzamentos foron detallados e iban os proxectos aprobados no orzamento para saber donde se destinaban as inversións, esto xa é o abc da política presupuestaria, os orzamentos é unha folla de ruta que marca un detalle...un detalle por capítulos i por iniciativas dentro dos propios capítulos de gasto, i a partir de aí son os que se desarrollan os proxectos para poder executar ese orzamento. Pero fíxose así toda a vida, agora non, agora hai que ter os proxectos antes de aprobar o presupuesto para saber exactamente con pelos e señales onde se vai a gastar, e se non é así, os caciques do PP a facer as súas cacicadas.

Bueno pois ese é o resumo, unha da súa falta de educación porque creo que nesa falta de educación pois está sempre ir ao límite ¿non? do...do desgaste i do insulto, i outro tema é, pois, ir directamente á manipulación ¿non? Porque nunca se fixo desa maneira, nunca, i de feito o único proxecto que está aprobado e que poden comprobar vostedes é a aportación que fai este Concello ao PDR, que é o Plan de Desenvolvemento Rural, i donde vamos a facer a famosa actuación que tamén se desfizo na súa época de goberno, que é a obra na rúa da Cultura que leva 6 anos sin arranxarse i que, neste momento, no peor momento económico, pois o imos a executar con coste de máis de 40.000 euros ¿non?, nos propios orzamentos vai recollida esa actuación igual que outras moitas vinculadas a proxectos que xa están aprobados, como pode ser este, na Xunta de Goberno Local, i aprobado xa tamén pola propia AGADER i pola propia Consellería para a súa execución tan pronto teñamos aprobado o orzamento municipal. Esa é a realidade que nos permiten, como dicía antes, uns orzamentos que levan unha...unha seña de identidade clara ¿non?, así como no seu momento se criticou, i creo que pode hasta ser comprensible, i eu así si que é certo pois, i o recoñecín publicamente, a carga impositiva, pero bueno tampouco nos botemos as mans á cabeza porque os propios medios de comunicación (non o di o PP ¿eh?, por se alguén é sospeitoso) a propio presión fiscal por exemplo no Concello veciño de Lalín é 100 euros máis que a do Concello da Estrada ¿non? I si collemos a relación que saía publicada no diario Terras, que poden ter acceso vostedes, pois dos Concellos da súa categoría, incluso dos Vonzellos de menor categoría, é o que menor presión fiscal temos de todo o entorno da área de Compostela, é conveniente ¿eh?, incluso Concellos gobernados polo PSOE y polo BNG teñen cargas impositivas moi superiores ao que ten o Concello da Estrada. Pero aínda así é certo, aínda así é certo, que sufriu un incremento coa anulación da bonificación, que foi unha decisión que este goberno asumiu de forma directa i con responsabilidade directa. Bueno, é certo que a subida posterior do tipo impositivo por parte do goberno de Mariano Rajoy nos dificultou a situación porque supuxo un incremento importante aos nosos veciños i aí, i aí, evidentemente, este goberno tuvo que actuar de forma clara, i esa actuación de forma clara foi que buscásemos a fórmula para poder rebaixar un 33 por cento, cousa que vostedes tampouco falan, aquí falan... tocaron o tema de refilón, criticaron duramente cando foi a subida pero nin sequera falan do que é a posta i a...i a marca fundamental destes orzamentos, que é unha rebaixa do 33 por cento no IBI i na contribución urbana ¿non?

Bueno, con iso creo que tamén queda claro que debemos ser o único goberno da contorna de Santiago i arredores que non tocou as taxas nin os prezos públicos, nin os impostos, conxelamos i nin sequera subimos o IPC. I, polo tanto, pois creo que aí ese...ese xesto pois creo que é para min o...o...o gran reto que tiñan os orzamentos para...para o ano catorce intentando i conseguindo rebaixar de forma sustancial a presión fiscal que asumen os nosos

veciños. I por iso creo que, dentro do que cabe i...i sendo dos poucos Concellos de Galicia que non ten ido a un plan de pago a provedores, que non está suxeito a ningún plan económico financeiro, que temos autonomía total pola boa xestión, porque iso tampouco falan, pero a gran maioría dos Concellos de Galicia ou ben están afectados polo plan de pago a provedores para pagar facturas pendientes, ou ben están afectados por plans económicos financeiros por non cumprir coas súas previsións orzamentarias, o Concello da Estrada está sano, está solvente i está con capacidade para poder acometer os grandes retos i os grandes proxectos de futuro. I toma decisións na área de...na...na liña de xestionar i de recuperar determinada xestión que creemos que poden ser óptimas, como comentaba o Concelleiro en algúns Capítulos que se fixo un esforzo importante para buscar unha óptima xestión, pois, como comentaban vostedes en relación ao tema de Protección Civil, desde este goberno non creo que seamos sospeitosos de non apoiar ao grupo de Protección Civil i ao Grupo de Emerxencias ¿non?, aumentamos, como poden ver vostedes nos orzamentos, de 726.000 euros...de 727.000 euros a 960.000, aumentamos 240.000 euros, i lle digo máis, estamos xestionando co medio rural para recuperar a titularidade da Fundación Comarcal Terra de Montes i valorando a posibilidade de poñer...destinar alí a nova base de Protección Civil i esperemos que avancemos nesa dirección no ano catorce. Ao goberno anterior non lle vin eu moitos movementos nesa dirección de solucionar un problema que teñen grave nas súas dependencias ¿non?, i ese é un dos obxectivos que ten este goberno para catorce. ¿I que pasa con Protección Civil?, pois que este goberno toma unha decisión que é que en vez de aportar unha subvención nominativa (da que por certo vostedes foron moi críticos o das subvencións nominativas, que era unha fórmula que non lles gustaba), o que facemos é: reducimos as subvencións nominativas pero non reducimos a aportación, non, non, o Grupo de Emerxencias, o Grupo de Voluntarios de Protección Civil está basicamente utilizando as dependencias do grupo municipal, está utilizando e compartindo moito material, i o que pretendemos nós é que ese material que adquiren vía subvención de diñeiro público en vez de ser do grupo municipal, do grupo de voluntarios, sexa do grupo municipal i que poidan compatibilizar...i que poidan compatibilizar, como xa o están facendo, o uso dos propios vehículos do grupo municipal, dos propios combustibles que asume o grupo municipal i do material que adquira que sexa do grupo i que poida utilizalo o grupo, como dicía antes, de voluntarios ¿non? Creo que é unha forma máis racional de xestionar os recursos públicos i creo que ademais, como membros desta corporación, todos estaremos de acordo que é mellor asumir co diñeiro que estamos asumindo á compra de material i de mobiliario i calquer outra actuación, asumila i comprala i facela a nome do Concello i despois cederlla no uso a Agrupación de Voluntarios, é unha xestión máis eficiente i máis racional i sobre todo, pois, se pode fiscalizar mellor o uso dos fondos públicos. Non se está recortando nin un solo euro, nin un solo euro, se está aumentando, como dicía antes, 250.000 euros da aportación municipal para os Grupos de Emerxencias i Protección Civil, que lle digo máis, que foi unha actuación que veu a compensar a situación, a mala situación que tiña o grupo municipal de Protección Civil pola dificultade que tiñamos para encaixar os cuadrantes i os horarios que estaban...que estábamos a xestionar i, desde logo, un grupo de 9 persoas como tiñamos para xestionar os servizos que estábamos xestionando eran claramente insuficientes, i agora temos 19 membros que compensan dunha forma máis clara i mellor o traballo que está facendo este colectivo i do que eu ademais quero dar testemuña do noso recoñecemento i da nosa satisfacción polo traballo que están a facer, pero creo que na parte da xestión, pois, este goberno ten a súa responsabilidade i ten que xestionar de forma de rigurosa i eficiente os recursos que son de todos os cidadáns,

que non son nin deste goberno nin desta corporación, son de todos os veciños, i por iso o temos que facer con total rigor ¿non? Por eso i para rematar me alegro moito que non falen do obradoiro de emprego i das políticas de emprego deste Concello, me alegro que non falen dos servicios sociais, me alegro que non falen de educación, me alegro que non falen do Plan Xeral, me alegro que non falen das actuacións urbanísticas i dos proxectos, me alegro que non falen do 1.800.000 euros de recursos que temos para destinar de forma directa as actuacións vinculadas ao Plan Xeral, me alegro que non falen do remanente de Tesourería i da xestión económica deste Concello, me alegro moito, moito, moito que falen vostedes, se preocupen da publicidade, da propaganda i do superfluo, do que realmente non lle interesa a nadie, o que realmente lle interesa á xente é a xestión destas grandes liñas de proxecto i de presuposto que imos a seguir traballando i potenciando co apoio doutras administracións.

Así que, si lles parece i despois de ter este debate que eu creo que podía ser máis positivo, pois procedemos...procedemos á votación deste punto da Orde do Día que, como ben saben, é a aprobación do Orzamento Municipal para o ano 2014. Si lles parece votamos ¿votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbase por maioría.

Sometido o asunto a votación, adóptase, polos votos a favor do PP (11) e en contra PsdeG-PSOE (9) e BNG (1), o seguinte **ACORDO**:

Visto o proxecto de Orzamento do Concello de A Estrada para o exercicio 2014 formado polo Alcalde no exercicio das súas competencias, comprensivo tanto dos estados de gastos e ingresos como da documentación complementaria referida nos artigos 165 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o informe da Interventora municipal de data 9 de decembro de 2013.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, en sesión do 17-12-2013.

E de conformidade co procedemento establecido nos artigos 168 e 169 do citado texto legal,

#### **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Apróbase o Orzamento municipal para o exercicio 2014, segundo os estados de gastos e ingresos e documentación anexa, co resumo por capítulos que deseguido se indica:

ESTADO INGRESOS		ESTADO GASTOS		
	DENOMINACIÓN	IMPORTE / €	DENOMINACIÓN	IMPORTE / €
CAPÍTULO 1	IMPOSTOS DIRECTOS	3.454.576,00	GASTOS PERSOAL	4.586.124,00
CAPÍTULO 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	120.000,00	COMPRA BENS CORRENTES E SERVICIOS	5.222.220,23
CAPÍTULO 3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.180.082,00	GASTOS FINANCEIROS	102.131,97
CAPÍTULO 4	TRANSFERENC. CORRENTES	5.776.293,28	TRANSFERENC. CORRENTES	613.151,00
CAPÍTULO 5	INGRESOS PATRIMONIAIS	45.631,37		
TOTAL CORRENTES		11.576.582,65	TOTAL CORRENTES	10.523.627,20
CAPÍTULO 6	ENAXENAC. INVERSIÓNS REAIS	18,00	INVERSIÓNS REAIS	1.093.834,00
CAPÍTULO 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	318.399,35	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	275.618,00
CAPÍTULO 8	ACTIVOS FINANCEIROS	15.000,00	ACTIVOS FINANCEIROS	15.000,00
CAPÍTULO 9	PASIVOS FINANCEIROS	530.000,00	PASIVOS FINANCEIROS	531.920,80
TOTAL CAPITAL		863.417,35	TOTAL CAPITAL	1.916.372,80
TOTAL INGRESOS		12.440.000,00	TOTAL GASTOS	12.440.000,00

**Segundo.-** Sométese o conxunto de créditos consignados no Orzamento de gastos destinados a investimentos financiados con préstamo (o seu detalle está no anexo de inversións) á condición de que efectivamente se poida acudir a tal financiamento, segundo os datos que se deduzan da liquidación correspondente ó ano 2013, en aras do establecido na disposición adicional 14ª do R.D.L. 20/2011 de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público -que segue vixente- na redacción dada pola disposición final 31ª da Lei 17/2012 de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013.

**Terceiro.-** Ratifícanse para o exercicio 2014, para o persoal laboral fixo, a seguinte equiparación entre postos de traballo e niveis de complemento de destino para os únicos efectos da determinación da retribución compensatoria incluída nas pagas extraordinarias:

DENOMINACIÓN DO POSTO	NIVEL DE COMPLEMENTO DE DESTINO
Técnico de xestión	Nivel 26
Tradutor de galego	Nivel 26
Director da Banda de Música	Nivel 24
Profesores da Escola de Música	Nivel 24; 50% por xornada reducida
Asistentes sociais	Nivel 24
Informático	Nivel 24
Auxiliar administrativo	Nivel 16
Conserxes	Nivel 14
Limpadoras	Nivel 14
Director gardería infantil	Nivel 24
Monitor de tempo libre	Nivel 20
Socorrista piscina	Nivel 20
Vendedora entradas piscina	Nivel 14
Limpador vestiarios	Nivel 14

Persoal confianza e asesoramento especial:

DENOMINACIÓN DO POSTO	NIVEL DE COMPLEMENTO DE DESTINO
Equiparado a administrativo	Nivel 20
Equiparado a auxiliar administrativo	Nivel 16

## FÓRA DA ORDE DO DÍA

### A) MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR, RELATIVA Á ACLARACIÓN DO ACORDO PLENARIO DO 02-12-2013, RELATIVO Á DELEGACIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA EN MATERIA TRIBUTARIA.

**Sr. Alcalde.-** Antes da parte de Control da Xestión, lles chegou unido tamén ao expediente de convocatoria do Pleno un asunto que queremos introducir...bueno foi remitido antes da Comisión de Facenda un asunto na...no expediente que non foi debatido porque non estaba fiscalizado por Intervención, i o incorporamos ou solicitamos o debate para a incorporación fóra da Orde do Día, que é a proposta de acordo da aclaración do acordo plenario do 2 de decembro de 2013 sobre a delegación á Diputación Provincial de facultades en materia tributada, no sentido de que as facultades de liquidación e revisión administrativa ao respecto dos 26 ingresos de dereito público obxecto do acordo municipal están comprendidas no ámbito desta delegación. A cuestión é que parece que o acordo redactado non especificaba claramente esta cuestión i a propia Diputación de Pontevedra nos pide que fagamos esta aclaración para que quede claro, i, sobre todo, para aclarar ese acordo plenario do día 2 de decembro en relación ás facultades de liquidación i revisión administrativa. Así que, si lles parece, procedemos á urxencia da votación deste punto ¿votos en contra? Sobre a urxencia, ten vostede a palabra señora Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.-** Ben, como ben se apuntou, non é certo que recibíramos o anexo a este pleno, é máis, non sabíamos que iba a vir a este pleno porque, de feito, nos chegou a tarde da Comisión pero non se tratou en Comisión, non se ditaminou, si non estaba fiscalizado nese día entendemos que segue sen fiscalizar, porque nós non temos informe nin temos nada. Polo tanto, entendemos que non é urxente facelo posto que si se vai a aclarar i temos un pleno a principios de xaneiro, quedando os festivos por diante i unhas...unha semana máis, entendemos que se pode facer en tempo e forma, i, facendo gala dese rigor que vostede falaba dentro...fai un momentíño, entendemos que non está como para traer ao pleno i que, polo tanto, non se pode debatir.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, vamos a ver, que non está é unha apreciación moi...moi pouco fundamentada porque eu lle...bueno. outra cousa é que vostede non a teña pero o que eu lle digo é que a proposta...a proposta do acordo fiscalizada e intervida conforme é a de aclaración, é unha proposta pero a teño eu intervida i fiscalizada con data de hoxe. Entonces é unha proposta de acordo para aclaración do asunto debatido na Orde do Día, así que votamos a urxencia.

(ruído)

**Sr. Alcalde.-** Si lles parece votamos a urxencia ¿votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbase a urxencia.

Apróbase a urxencia da moción polos votos a favor do PP (11) e en contra do PsdeG-PSOE (9) e BNG (1).

**Sr. Alcalde:** ¿Alguén quere entrar no fondo da cuestión? Ten a palabra a señora Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.-** Ben, vamos a ver, no seu día con respecto a este asunto nos posicionamos claramente, nos posicionamos en contra por argumentos que xa temos dito unha e outra vez e que se fai falta repetimos. Non é bo para o Concello facer esta cesión i, dende logo, se dixo no seu día i non se contemplou a liquidación i a revisión dos tributos, pero se eso non foi feito no seu día, insistimos, non temos o expediente, non está completo, non se nos chegou...fixo chegar á oposición, non foi ditaminado, esto é unha aplicación totalmente inxusta da maioría absoluta que vostede preside. Polo tanto entendemos que a delegación tributaria non favorece a este Concello, entendemos que existen informes que poderían ser precisos i que existía, incluso, inseguridade xurídica nesa mesma cesión porque se estaban cedendo competencias propias do noso Concello e porque, dende logo, os informes que se facían ao respecto non entraban no fondo da cuestión, senón na forma, aí está, os informes non entraron no seu día no fondo da cuestión i a propia Deputación di que esa cesión foi mal feita. Como dicía entendemos que isto debe quedar enriba da mesa, non entrar a votar este...esta modificación que vostedes fan dicindo que foi fiscalizada con data de hoxe, que non se nos pasou i aplicando o rodillo da súa maioría. Dende logo, nin rigor, nin eficiencia, nin optimización de recursos e moito menos democracia preside este punto da Orde do Día. Por iso o Grupo Socialista votará en contra igual que fixo no seu día con respecto á cesión.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben ¿señor Magariños? Pois entonces, moi ben pois...total non contábamnos que votaran a favor, sería outra da primeira vez que o fixeran e entonces...

(ruído)

**Sr. Alcalde.-** entonces, entonces é case

(ruído)

**Sr. Alcalde.-** É case...é case

(ruído)

**Sr. Alcalde.-** É case imposible, imos a proceder

(ruído)

**Sr. Alcalde.-** Á votación da proposta de acordo que é unha proposta de aclaración de acordo, é unha proposta de aclaración de acordo...do acordo tomado o 2 de decembro de 2013. ¿Votos en contra?, ¿Abstencións?, ¿Votos a favor? Apróbase por maioría.

Sometido o asunto a votación, adóptase, polos votos a favor do PP (11) e en contra do PsdeG-PSOE (9) e BNG (1), o seguinte **ACORDO**:

Visto o acordo adoptado en sesión plenaria do 2 de decembro de 2013, polo que se aprobaba o convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra sobre delegación do exercicio de competencias tributarias.

Visto o escrito de data 16-12-2013 no que o Xefe do Servizo Xurídico da Deputación Provincial advierte da omisión en que incorreu o Pleno municipal na súa sesión do pasado 2 de decembro, ao non citar as facultades de liquidación e revisión dos tributos no ámbito da delegación acordada.



Visto que o artigo 117.1 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, xa inclúe a práctica de liquidacións entre as funcións propias da xestión tributaria, e

Visto que non é posible o eficaz cumprimento do obxectivo da dita delegación e a entidade delegada carece de facultades para levar a cabo a revisión de actos establecida no artigo 14 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no título V da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 17-12-2013.

Vista a fiscalización previa da Intervención municipal, asinada con data 23-12-2013.

### **ACORDAMOS:**

Procédese á aclaración do Acordo adoptado polo Concello Pleno en sesión do 2 de decembro de 2013, sobre delegación á Deputación Provincial de Pontevedra de facultades en materia tributaria, no sentido de que as facultades de liquidación e revisión administrativa ao respecto dos vinte e seis ingresos de dereitos público obxecto do Acordo municipal están comprendidas no ámbito desta delegación.

### **B) MOCIÓN DO PsdeG-PSOE RELATIVA AO REXEITAMENTO AO NOVO COPAGO PARA OS FÁRMACOS QUE SE DISPENSAN NOS HOSPITAIS DE MANEIRA AMBULATORIA.**

**Sr. Alcalde.-** ¿Non sei se hai algunha moción de urxencia? Ten a palabra señora Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.-** Ben, unha vez máis i facendo gala pois dese rigor que vostede predicaba fai un momento, i desa democracia que vostede acaba de demostrar agora mesmo, vémonos na obriga de traer fóra da Orde do Día, por urxencia, as mocións que temos presentadas fai meses por rexistro deste Concello i que vostedes non teñen convocado as distintas comisións, é máis, vostede dixo nun pleno desta Corporación municipal que deixaba o asunto para levar ás Comisións pertinentes i non as convocou tampouco faltando á súa propia palabra. No día de hoxe queremos presentar a este pleno, a esta corporación, por urxencia, o rexeitamento ao novo copago para os fármacos que se dispensan nos hospitais de maneira ambulatoria, é máis, neste pleno de orzamentos entendemos que é urxente facelo porque esta moción, que no seu día foi presentada no mes de outubro por rexistro, levaba un apartado que dicía que si o Concello debería abrir unha liña, i chegábase a ese acordo, de abrir unha liña para apoiar aos pacientes crónicos receptores de fármacos dispensados nos hospitais de maneira ambulatoria, i que por unha decisión unilateral do Partido Popular terán que pagar a partir de xa. Polo tanto, entendemos que é urxente, posto que acabamos de debater os orzamentos, levar adiante esta proposta porque, como vostedes non o consideraron pertinente, non lles interesou, cremos que hai que facelo así, por urxencia. Por iso, aí está a urxencia plantexada enriba da mesa, cremos que hai que abrir esta liña, cremos que é necesario apoiar aos pacientes crónicos do noso Concello, porque nós estamos a falar de axudas de emerxencia, estamos a falar de outra discriminación máis, xa non só a carga da súa enfermidade, senón que agora son discriminados con respecto ao acceso aos medicamentos.

Plantexamos esta moción no día de hoxe por urxencia.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben ¿Algunha cuestión en relación á urxencia? Pois como xa temos visto noutras ocasións, sabe vostede que como así fixemos con este acordo que acabamos de traer agora, calquer acordo que teña compoñente económico ten que ser fiscalizado pola Intervención, pola Intervención municipal, de feito se

trasladou i se tramitou ese informe, pero sabe vostede que caeu tamén nunhas datas complicadas en canto á...á redacción e execución do orzamento que se lle dou prioridade absoluta para poder aprobalo antes de final de ano, e esperemos que poidamos ter ese informe en relación á aportación a cuantía presupuestaria xa que é unha...hai que facer...ou significa unha aportación económica. I, ademais entendemos, tamén xa llo digo, que este goberno xa está facendo ese esforzo de apoio a través dos servicios sociais, i de feito en varios casos xa se chegou a sufragar parte do coste dos propios medicamentos a través dos correspondentes informes dos asistentes sociais. Este goberno xa está facendo ese traballo sempre fiscalizado de forma directa polas asistentes sociais i polo equipo... polo gabinete de apoio que ten, i nesa dirección pois podemos intentar seguir reforzando esas medidas como se está facendo ata o de agora, pero entendemos que cando teñamos previsto i preparado cos correspondentes informes se levará a Comisión i ao correspondente debate.

Así que votamos a urxencia desta cuestión ¿votos a favor? ¿Abstencións? ¿Votos en contra? Rexeitase a urxencia.

Sometida a urxente a votación, rexeítase, polos votos a favor do PsdeG-PSOE (9) e do BNG (1), e en contra do Partido Popular (11).

**Sr. Alcalde.**- Algunha outra moción? ¿Señor Magariños?

#### **B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN**

##### **4º.-DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 4 E 29 DE NOVEMBRO DE 2013, ÁMBOS DOUS INCLUÍDOS.**

**Sr. Alcalde.**- Moi ben, pois a parte de Control da Xestión é a dación de conta das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 4 e o 29 de novembro de 2013.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 4 e o 29 de novembro de 2013 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

##### **5º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**Sr. Alcalde.**- Punto número 5 Rogos e Preguntas. Ten a palabra señora Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PsdeG-PSOE.**- Ben, soamente imos a trasladar un...un rogo porque, visto o visto, a participación da oposición tampouco se quere neste pleno porque non se lles deixa nin participar, nin se lles da acceso polo visto á documentación necesaria. Entón imos a trasladar este rogo así, así nolo trasladan os veciños, é máis, coincidindo con estas datas nas que os veciños veñen á Estrada a facer as súas compras i mirando, neste caso, pola importancia destas datas para a dinamización da economía dos comercios, rogamos que o Concello pase a arranxar o estado lamentable no que se atopan as fincas que se utilizan para aparcas xunto a Correos i a de atrás, si vostedes pasan por alí estes días verán que o estado, dende logo, é lamentable. Bueno, pois nos din os veciños que é necesario para aparcas, todos coincidimos no mesmo non existe outra zona onde poder facelo, i é necesario para que poidan

acudir aos comercios ter onde poder deixar os seus vehículos. Polo tanto rogamos que pasen a arranxar estas dúas fincas nas que se aparca, se utiliza de aparcamento. Gracias.

**Sr. Alcalde.**- Moi ben, gracias pola súa aportación. É certo o que está comentando vostede, o que pasa é que sabe vostede que aí para...bueno hai que agradecer, nunca nos cansaremos de agradecer publicamente, a colaboración por parte deses veciños que están dende fai tempo permitindo que se poida utilizar esas...esas fincas privadas para aparcamento de vehículos, pero bueno, o fan nunhas condicións bastante estricas, o cal me parece normal, i solicitan que ante calquera actuación que se cometa alí pois pidamos previamente autorización aos propietarios, bueno, ante a duda de que poidan adquirir calquer dereito administracións en torno a eles. Por eso non é cuestión de que se poida actuar dun día para outro porque temos que contar coa colaboración, o beneplácito i o visto bo dos lexítimos propietarios desos terreos, así o estamos facendo i tan pronto teñamos o seu o seu visto bo pois se acometerá.

Señor Magariños ¿non sei se ten vostede algunha cuestión? Bueno pois dando cumprimento á parte de participación cidadá, calquer veciño que queira poder facer unha consulta, un rogo, unha pregunta o pode facer previamente identificándose co seu DNI i senón hai ningunha persoa do público que queira pois coller a palabra agradecéndolle a súa presenza i a súa paciencia....ten a palabra. Por favor...aí, si,si.

**D. José Antonio Lodeiro.**- Bueno, eu quería facerlle un par de preguntas, en primeiro lugar gustaría como...bueno como presidente actual da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil da Estrada, ¿cal é o verdadeiro motivo da redución da subvención de 21.000 euros a 6.000?, porque por moito que o repita, a Agrupación de Voluntarios é unha cousa e os traballadores son outra, polo tanto a Agrupación non dispón dese presupuesto para este ano. E gustaríame saber tamén por qué se fai isto dunha forma totalmente polas espaldas e a traición, porque en ningún momento se nos consultou, nin se nos pideu opinión, nin se nos pideu que presentáramos un presuposto de gastos para o ano que ven, para ver si eses 6.000 euros eran suficientes ou insuficientes para cubrir os nosos gastos, e nos tivemos que enterar por terceiras persoas e acudir ao pleno de imprevisto porque non tivemos outra forma de manifestarnos antes.

Tamén me gustaría preguntar se esta é a forma de...que usted cre correcta de agradecer a unha agrupación con máis de 20 anos de antigüidade, que é exemplo para toda Galicia, que todas as agrupacións ou unha gran parte de agrupacións de nova creación nos consultan para formalo, si é agradecemento tamén para o Grupo de Cans que pertence á agrupación de voluntarios de Protección Civil, que é famosa en toda España, en parte do estranxeiro, que trouxo á Estrada varias probas de homologación (entre elas dúas internacionais), que logrou clasificar a un dos seus membros para o campionato do mundo de rescate, a segunda persoa na historia de España que o consegue; e tamén se este é o agradecemento que nos merecemos por estar día a día nos cruces á chuvia, ao sol, si lle parece normal recortarnos por un lado e solicitarnos que mañá estemos na rúa na cabalgata de Papá Noel i o día 5 estemos na rúa chova, faga sol ou neve para a cabalgata dos Reyes; e, por último, si esto é o agradecemento por haber estado, a parte nos cruces, en emerxencias como, por exemplo, as inundacións e o temporal do ano 2000, a oleada de incendios de 2006 ou o outro día, hai pouco por desgracia, o descarrilamento do tren Alvia do cal a gran maioría eran voluntarios excepto dous, tres perdón, tres traballadores o resto eran todos voluntarios; e si este é o agradecemento, e si é a homenaxe que nos prometeu publicamente na prensa, gracias.

(Aplausos)

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, pois contéstolle...contéstolle moi gustoso dicíndolle que para empezar non é certo o que acaba de dicir vostede que non tiveran outra oportunidade porque recórdolle que hoxe estivemos máis dunha hora esperando pola reunión que tiña fixada con vostede á mañá, e tuven...e tuven, bueno, pois que esperar a que vostede se personase para ter unha reunión de máis dunha hora onde eu lle expliquei os motivos da decisión que tomou este goberno en relación a esta cuestión de Protección Civil. Sabe vostede ademais que a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil está recibindo aproximadamente en torno a 44.000...45.000 euros de recursos públicos, de recursos públicos á Agrupación de Voluntarios, dos cales o Concello aporta de forma directa vía subvención nominativa 21.000 euros. Sabe vostede, ademais, que hai unha xestión compartida de...de instalacións i de...i de infraestruturas con respecto ao grupo municipal, i sabe vostede que, eu llo expliquei hoxe pola mañá i vostede o apuntou dunha forma directa, que había material, infraestruturas... que eran propiedade da...de...do grupo de voluntarios, i, sinceramente, lle digo, eu non son partidario dese modelo, non son partidario dese modelo porque aportando recursos a administración pública non parece moi de recibo que dependamos dunha agrupación que está utilizando i compartindo as súas infraestruturas i que sexan propiedade da agrupación i non sexan propiedade do grupo municipal, porque ao final son recursos públicos ¿non?, i o que pretendemos facer con esto é que a Agrupación de Voluntarios siga tendo absolutamente todo o que está tendo ata agora, exactamente igual, pero que as necesidades da propia agrupación pasen polo filtro e a xestión de...dos orzamentos municipais ¿non?, i a partir de aí... i a partir de aí, pois creo que é unha forma máis eficiente de traballar, porque aí teremos...aí teremos que adquirir os propios materiais i serán propiedade municipal independentemente do que pase co Grupo Municipal de Voluntarios ¿non?, que é unha asociación i unha entidade xurídica independente i o día de mañá pois pode haber calquer tipo de problema i de cuestión i desta forma pois non estamos condicionados a que o día de mañá teñamos problemas para poder xestionar parte deses recursos que, curiosamente, foron adquiridos ao cen por cen con aportacións públicas. Entonces, bueno eu creo que é un modelo distinto, non se vai a...i xa digo ademais, que non existe nin un solo céntimo de recorte nesas partidas, hai un traslado, i eu llo dixen hoxe pola mañá, parece que non lle gustou a vostede a idea, eu lle propuxen...eu lle propuxen: apórteme unha xustificación dos gastos, i cunha modificación orzamentaria...cunha cunha modificación orzamentaria...cunha modificación orzamentaria complementamos a partida, porque vostede sabe que xustifican a subvención a finais de ano, entonces temos tempo máis que suficiente para poder facer a incorporación de recursos a esa subvención, sempre e cando pois se xustifiquen de forma clara que son os gastos que realmente ten que soportar a Agrupación de Voluntarios i non pode soportar o Concello. Porque está claro que o Concello vaine a seguir soportando i nós imos a seguir apoiando i apostando tanto polo grupo municipal de Protección Civil, como pola Agrupación de Voluntarios, como polo grupo de Emerxencias Supramunicipais ¿non?, i, nesa liña, pois, é unha decisión política que non cambia en absoluto a autonomía financeira do grupo, en absoluto, o que cambia é a forma de gastar, i o que cambia tamén é a fiscalización. Eu entendo que ao mellor o que non guste é que estemos máis fiscalizados nos gastos, podo entendelo, porque é a única explicación que pode ter isto, porque non hai nin unha merma dun só euro na aportación que fai o Concello ou que vai a facer o Concello que vai a destinar á Agrupación de Voluntarios nin a Protección Civil nin ao Grupo de Emerxencias, non hai unha merma dun só euro, o que vai a estar é máis...é máis

fiscalizado, porque ese diñerio o vamos a revisar, porque xa dicía antes, non parece moi razoable que haxa colectivos municipais que estén nunha condición moi precaria i, ao mellor pois o grupo municipal ou o grupo de voluntarios de Protección Civil, pois, faga compras que ao mellor non son estritamente necesarias, i, por exemplo, a Policía Local ou outros colectivos non teñan o mínimo material para executar a súa...o seu traballo. I nesa liña...i nesa liña, pois eu creo que cunha boa fiscalización i un bo control se pode facer unha mellor xestión dos recursos, que ao final son recursos públicos, que non son recursos...non son recursos deste goberno ¿non? Por eso foi a idea que eu lle plantexei, se non funciona eu me comprometo a cambiar o sistema para o ano que ven i buscar unha fórmula diferente, pero eu creo que a nadie lle debe preocupar, a nadie, estar fiscalizado i estar controlado no gasto i na forma de gastar ,a nadie, porque este goberno o está i porque esta administración o ten que estar i porque calquer...calquer asociación ou agrupación que dependa ao cen por cen de fondos públicos, eu creo, firmemente llo digo, creo que debe de estalo i que non lle debe preocupar a ningún i a partir de aí...

**(Ruído)**

**Sr. Alcalde.-** sí, sí, que estén financiadas ao cen por cen con recursos públicos si.

**(Ruído)**

**Sr. Alcalde.-** O estradense non está financiado cen por cen por recursos públicos, pero está...se lle prestan as...unhas instalacións públicas...públicas municipais, entón, i por suposto, que ademais están...i están controlados i, ademais, dan cumprida información da súa xestión. Pero ese é...ese é...ese é o concepto que nós temos á hora de xestionar este...este tema. ¿Que nos equivocamos?, non hai problema ningún, vostedes non van a notar ningún cambio nas necesidades que teña a Agrupación de Voluntarios, ningún, ningún, eso ten o meu compromiso i sabe, ademais, que si o pide o debatimos i o vemos cando vostede queira. Esperemos que funcione ben, si non funciona ben, non temos ningún problema porque non é que se mermen os ingresos para este ano, simplemente será facer un cambio de partida presupuestaria i volver a dotalo coa cantidade que realmente sexa...sexa precisa para o ano que ben.

Si, identifíquese por favor, ten que...ten que aportar o DNI.

**(Ruído)**

**Sr. Alcalde.-** Non, pero o Reglamento...o Reglamento pon que hai que identificarse.

**(Aplausos)**

**Sr. Alcalde.-** Para poder intervir

**(Aplausos)**

**Sr. Alcalde.-** hai que...o Reglamento pon...o Reglamento pon que hai que identificarse, sí.

**(Ruído)**

**Sr. Alcalde.-** Si, si, pero o Reglamento hai que cumprilo, claro, si o Reglamento pon que hai que identificarse.

**(Ruído)**

**Sr. Alcalde.**- Ten que aportar o DNI por favor.

**Sr. Ventura Alejandro García Rosende.**- Boas, nada, preguntarlle que dubidaba antes de...de si o modelo este que...que funcionou durante 20 anos, que dubidaba del e que por eso agora quere facer outro tipo de modelo de xestión. Non sei como pode dubidar dun modelo que funcionou pero á perfección, á perfección durante 20 anos, que agora vamos a probar a ver si outro funciona, cando creo que a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil foi exemplar en toda Galicia durante 20 anos. Non sei como dubida da boa...desto.

**Sr. Alcalde.**- Si, vamos a ver, eu creo que está claro o tema ¿non?, eu estou...eu...este goberno está máis fiscalizado...está máis fiscalizado cada día porque...i nadie dubida supoño da...do traballo que poden facer os órganos fiscalizadores do Concello, pero cada vez estamos máis fiscalizados. I eu creo que a fiscalización non debe de preocupar, non entendo eu cal é o motivo que provoca malestar porque nos controlen i nos fiscalicen a xestión, eu non dubido do Grupo Municipal, eu non dubido do Grupo de...de...de Voluntarios de Protección Civil, non, digo que, ao mellor...ao mellor...ao mellor, é o momento de xustificar os gastos dunha maneira, non digo...non digo xustificalo con facturas, digo motivar...motivar o gasto en cada momento. I creo que eso, posiblemente, porque nos pasa a nós a nivel presupuestario, cando os recursos eran ilimitados pois era moi fácil facelo, pero agora mesmo...agora mesmo eu creo que hai que buscar unha motivación máis importante dos gastos que se executan, sobre todo con recursos públicos, i creo que é unha fórmula sobre todo cando hai unha...

(Ruído)

**Sr. Alcalde.**- Se non lles interesa o que estou contando, pois, hombre, eu creo que...eu creo que é unha cuestión non menor i que a min me gusta ademais explicar o mellor posible. Entonces o que temos que intentar...o que temos que intentar é motivar...motivar a xustificación do gasto, é dicir é...é

(Ruído)

**Sr. Alcalde.**- Señora Louzao sabe vostede.....

**Sra. Louzao Vieites** (non se aprecia)

(Aplausos)

**Sr. Alcalde.**- sabe vostede como é o Regulamento...como é o Regulamento, sabe vostede...

**Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.**- Efectivamente, pido disculpas Alcalde, non podo intervir.

**Sr. Alcalde.**- Perfectamente como é...como é o Regulamento de Participación. Eu o que lle digo...eu o que lle digo é que hai que...hai que buscar unha fórmula para motivar de mellor maneira a xestión, i, xa lle digo, i a parte llo trasladei hoxe pola mañá, presente vostede unha proposta i eu me comprometo persoalmente a...a xustificar o cambio que haxa que efectuar i a incorporalo no orzamento, porque os recursos están, non é que teñamos que roubar diñeiro doutras partidas ou sacalo dun lado para metelo noutro, o mesmo orzamento que había, exactamente destinado para facer un cambio presupuestario no momento que entendamos oportuno, i vostede, ademais, persoalmente, nesa reunión se comprometu comigo a facelo,

non...non sei eu cal é o que cambio dende hoxe á mañá ata agora, pero bueno parece que algo cambiou

(Ruído)

**Sr. Alcalde.**- Si non, non, é eu saín da reunión cun acordo.

(Ruído)

**Sr. Alcalde.**- Eu saín da reunión cun acordo de que se iba a presentar, incluso se dixo se fai falta mañá, mañá, unha proposta...unha proposta do gasto razonado que hai que acometer. I nós, desde logo, eu lle mostrei toda a miña disposición a buscarlle...a buscarlle unha solución que sea...a min o que me preocupa, i llo dixen alí i llo volvo a dicir outra vez, o que me preocupa é que sexamos áxiles na xestión con este modelo, me preocupa, i haberá facturas que ao mellor as pode asumir o Grupo Municipal i haberá facturas, como ben aportaba vostede hoxe pola mañán, me parecía bastante razoable, que haberá gastos que ao mellor non teñan encaixe dentro do que é a propia xestión municipal ¿non?, i aí...i aí lle trasladaba eu i, bueno, pois separemos o que é unha cousa da outra, i eu estou en condicións de poder buscar a fórmula de poder xestionalo, pero bueno, esta é unha decisión que eu creo que vai na liña de mellorar a xestión i...i de mellorar o control sobre a xestión ¿non? A partir de aí si vostede me pasa ese...esa memoria, ese orzamento e o podemos ver, como eu me comprometín hoxe pola mañá, i nada cambiou dende a conversa que tiveren eu con vostedes esta mesma mañán en relación a miña idea, de que si consideramos que non é áxil a fórmula de xestionalo, pois temos a fórmula moi sinxela e moi fácil de retomar o tema ao mesmo punto onde estaba, ou buscar como dicía vostede, home pois ao mellor 15.000 euros é moito, ao mellor podía ser menos ao mellor, xa está recoñecendo vostede que ao mellor non eran necesarios os 20.000 euros nesa conversación que mantuvemos ¿non?, quee dixo que ao mellor...

(Ruído)

**Sr. Alcalde.**- Bueno, pois... pois... pois nesa... nesa liña... nesa liña eu lle dixen que íbamos a traballar, me parecía razoable i sensata i eu creín naquel momento que desa reunión, que xa lle digo durou aproximadamente unha hora me parece ¿non?, pois salíramos con ese compromiso adquirido, polo menos eu foi o que intentei trasladar, se non foi así creo que me expresei mal i llo repito, publicamente, apórteme vostede eses gastos que poden xerar certos problemas á hora de xestionar o Grupo Municipal i este goberno se compromete a buscar unha solución para que nadie cambie i o único que cambie é a fiscalización que poidamos facer sobre o gasto dunha agrupación que, bueno, que está facendo un traballo extraordinario pero que ten un orzamento de 45.000 euros de recursos públicos i que...i que...i que, eu creo, que en vez de xestionalo a posteriori ou en vez de fiscalizalo a posteriori, podémolo fiscalizar a priori ¿non?, i ver si realmente eses gastos son necesarios, precisos i son razoables ou non o son. I supoño que, seguramente, como son vostedes persoas moi serias, i moi sensatas, i moi razoables i seguramente o fixeron moi ben durante 20 anos, non van a ter ningún problema porque todos os gastos serán razoados i serán...

(Ruído)

**Sr. Alcalde.**- pois...pero por iso non teñen problema ningún en que os fiscalicemos, claro, pois xa está. Pois entonces creo que estamos de acordo en que ese modelo...vostedes traigan a

proposta...vostedes traigan a proposta como foi como quedamos, se a teñen mañán eu mañán estou aquí. Se a teñen mañán me chaman e ma aportan, se a teñen o xoves, o xoves ou venres, cando vostedes queiran, que xa lle digo é unha cuestión dun simple é un simple decreto de cambio de...

**(Ruído)**

**Sr. Alcalde.-** Cando queira...non mire eu...eu refírome, claro, o que pasa é que eu collo a palabra que vostedes me deron. A min dixéronme se fai falta mañán, mañán.

**(Ruído)**

**Sr. Alcalde.-** Ben, eu...eu...eu o que salín...o que salín foi convencido de que se fixera unha proposta i que vostedes iban a aportar ese orzamento, i si facía falta en...en cuestión de horas que o tiñan preparado. Si...si o queren facer dentro dun mes, dentro dun mes, eu non teño ningún tipo de problema, é unha...claro é unha cuestión que se pode modificar, xa digo, como é unha subvención postpagable a finais de ano se, está xustificando, se lle vai a xustificar agora o tema i o...i o podemos...i o podemos analizar, i o podemos ver sen ningún tipo de problema cando vostedes o teñan preparado simplemente como foi desta vez me chaman i eu estarei á súa enteira disposición para intentar resolver esta cuestión.

¿Algunha outra cuestión a maiores? Pois se non hai ningunha cuestión máis agradecendo a súa presenza levántase a sesión.

\*\*\*\*\*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e dúas horas e trinta minutos.

A Estrada, 23 novembro de 2013  
A SECRETARIA EN FUNCIONS,

Asdo.: M<sup>a</sup> Jesusa Fernández Bascuas